No mes de abril de 2016, a concelleira Maite Ferreiro, defendía a creación dun Consello Municipal de Cultura e Patrimonio, que tivera como obxectivo promover actividades culturais e de defensa do patrimonio, porque consideraba naquel momento que había que “dar opción a que participen todas as persoas que teñan algo que aportar”. Na súa intervención indicaba, co que estamos completamente de acordo, que neste Consello había que tratar de integrar a todo o mundo que queira e non vetar a ninguén.

O valor incalculable do eido cultural na nosa cidade, con múltiples e variadas iniciativas desde distintas entidades e asociacións debe estar presente no deseño

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

da planificación cultural. En maio de 2016 nomearonse os representantes dos grupos municipais, para convocar dito consello co obxectivo, entre outros, de actualizar un regulamento considerado xa obsoleto.

No BOP de marzo de 2017, aparece publicado o anuncio do trámite de consulta pública para que se poidan facer achegas por parte dos interesados acerca dos problemas a solucionar por esta norma; da necesidade e oportunidade da súa modificación; dos obxectivos a cumprir pola mesma e das posibles solucións alternativas xa sexan regulatorias ou non regulatorias.

E nos consta que se enviaron aportacións por distintas entidades, co fin de mellorar o regulamento en canto á súa composición, para facelo máis participativo, ás súas funcións e tamén ao seu funcionamento.

Durante meses pouco ou nada se avanzou nesa nova redacción. En xuño de 2018, a señora Ferreiro presentou varias preguntas en relación a este asunto, para saber porque non se reunira de novo o Consello desde a última reunión e para coñecer se había avances na reforma do Regulamento. A concelleira responsable de Cultura naquel momento, a señora Basadre, afirmou que non se podían levar a cabo a maioría das cuestións porque faltaba a Xefa de Sección deste departamento, polo que estaban moi limitados.

E aí quedou o compromiso do goberno socialista no mandato anterior no relativo ao Consello de Cultura. Moi boas palabras, pero pouca acción.

Hoxe, 6 anos despois, e coa señora Maite Ferreiro do BNG desde fai 3 anos como concelleira responsable de Cultura e máxima defensora da creación deste órgano participativo, e cun departamento de Cultura con Xefe de Sección, nada se ten avanzado neste asunto. Non só non se sabe nada da modificación do Regulamento, senón que nestes anos non se convocou nin unha soa vez.

Desde o noso grupo municipal, consideramos a participación como pilar fundamental de calquera goberno democrático. E máis no eido da cultura, onde as aportacións, o debate, o seguimento, a avaliación e, por suposto, a rendición de contas acerca das políticas culturais que se deseñan para a nosa cidade, deben contar cun espazo propio coa finalidade de poñer en valor o ecosistema cultural rico e diverso que se desenvolve na nosa cidade tanto desde o ámbito cultural público como privado.

Tralo exposto anteriormente, o grupo municipal de Ciudadanos Lugo considera de interese municipal que o pleno da corporación acorde:

1. Instar ao goberno municipal a convocar de xeito inmediato o Consello Municipal de Cultura, co fin de comezar a traballar na modificación do Regulamento para a planificación das actividades culturais para os vindeiros meses.
2. Instar ao goberno municipal a aprobar antes de final de ano o novo Regulamento do Consello Municipal de Cultura."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRA.- Instar ao goberno municipal a convocar de xeito inmediato o Consello Municipal de Cultura, co fin de comezar a traballar na modificación do Regulamento para a planificación das actividades culturais para os vindeiros meses.

SEGUNDA.- Instar ao goberno municipal a aprobar antes de final de ano o novo Regulamento do Consello Municipal de Cultura.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos o debate. Tres minutos para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moitas grazas. Pois moito temos falado neste salón de plenos do valor da cultura da nosa cidade coma un patrimonio máis que a distingue e a diferencia e grazas sobre todo ó diverso e rico movemento cultural que existe, xerando este sector cultural tamén un importante desenvolvemento económico moi favorable e positivo para á cidade que foi, e non debemos de esquecerlo, un dos mais castigados pola crise do COVID.

Así o recoñecían fai uns días tanto a alcaldesa Lara Méndez como a concelleira de Cultura, a señora Ferreiro, cando informaban que Lugo será a capital cultural do Eixe Atlántico no 2023. Dicía a alcaldesa que se apostaba pola cultura coma uns dos elementos decisivos do desenvolvemento social, económico e de identidade do municipio. Podemos non compartir como se leva a cabo esa aposta pero si que estamos de acordo en consideralo un elemento decisivo.

E debe a cultura ser impulsada, favorecida e apoiada polas institucións. Un sector cultural vivo é símbolo dunha cidade moderna, integradora, diversa e plural. Lugo ten a sorte de contar cun ecosistema cultural plural e de gran riqueza. Asociacións, artistas, creadores, empresas... ó igual que moitos cidadáns que están implicados na vida cultural da nosa cidade. Unha rede que non se debería desaproveitar para traballar en conxunto se realmente se considera que Lugo é cultura, tal e como afirmaba a señora alcaldesa.

Esta rede ten que ter o seu espazo propio, un espazo estable pero ó mesmo tempo dinámico e organizado para a posta en común, o diálogo e participación no eido cultural municipal. Un espazo diverso e integrador porque a cultura lucense non é

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

so duns poucos. Ese espazo ten que ser e debe ser o Consello da Cultura. Un Consello da Cultura concibido coma órgano participativo, de natureza consultiva, informativa e tamén asesora no que se poidan facer suxestións, presentar iniciativas... Do mesmo xeito que sexa o lugar onde se presente e se de a coñecer a programación anual prevista pola Concellería de Cultura xunto co seu orzamento, sendo un modo máis de estimular o desenvolvemento cultural e de contribuír a melloralo.

Un órgano participativo y transparente no que caiban todos, tal e como pedía a señora Ferreiro no ano 2016, cando se sentaban na bancada da oposición. Pero todo semella que foi asumir a responsabilidade da vida cultural municipal e esquecerse da transparencia e da pluralidade que ela mesma reivindicaba, porque en tres anos nunca tivemos noticias dese regulamento pendente para poñer en marcha. E iso que cando no ano 2017 foi publicado no *BOP* houbo entidades que amosaron as súas inquedañas e suxestións para poñelo en marcha. Señora Ferreiro, todo parece indicar que esta integración e diversidade da que alardeaba pois quedou en nada. E só lle quero recordar que a cultura é de todos e para todos, non só para os do carné socialista ou os que izan a bandeira nacionalista.

Fai un par de meses, o BNG de Vigo propoñía a creación dun Consello da Cultura logo de comprobar que Vigo quedara fora do ranking das principais referencias culturais de España que elabora o Observatorio da Cultura da Fundación Contemporánea. Vigo aparece de número 26 e supoño, señora Ferreiro, que saberá en que número aparece Lugo. En ningún, porque non aparece ni nese ranking. Así que ímoslle dicir o mesmo que dixo o seu compañeiro de goberno vigués. Esta exclusión volve a evidenciar o profundo devalar cultural que atravesa a cidade coma consecuencia directa dunha nefasta política municipal neste ámbito que se ten traducido na desertización cultural.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois por parte do goberno, a Delegada da área, a Concelleira de Cultura.

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Ben, moi bo día. Efectivamente, ten razón o grupo municipal Ciudadanos de que nós fóramos quen propuxéramos ese Consello Municipal de Cultura que iniciou o seu proceso xa alá no ano 2000 e que a última actividade foi no ano 2017, que quedou paralizado pois no cambio no regulamento, no cambio no regulamento despois de ter unha reunión onde se solicitaron achegas para ese cambio de regulamento e que non chegaron a aprobarse en pleno. Iso foi no ano 2017, efectivamente nesta concelleira chegamos ó goberno no 2019, vostedes saben ben en que situación, e loxicamente este goberno pois marcou prioridades á hora de traballar para facer que o tecido cultural de Lugo neste caso pois seguira traballando para poder gañar cando estaba toda a sociedade paralizada.

Efectivamente, nos seguimos con ese compromiso adquirido, nunca o deixamos de ter, pero tamén teño que dicirlle que nos seguimos en contacto con todo ese tecido do que vostede está falando e de feito, temos programación con máis da metade de colectivos que estaban representados nese Consello Municipal de Cultura.



Xa vexo que non está moi informada tampouco das actividades que hai programadas en Lugo, porque eu a verdade é que nelas non a vexo, é lóxico que non estea enterada. Pero mire, eu pódolle informar de que Lugo leva xa tempo, si, leva tempo cunha programación semestral fixa onde está planificada xa semestralmente para que saibamos cada semestre o que podemos ver e as actividades, acabamos de ver un festival de teatro clásico e dende logo que eu si lles podo nomear a cantidade de actividades culturais que se levan celebrando en Lugo que xa vexo que vostede non as coñece pero recoméndolle que vaia a algunha delas. E voulle poñer o exemplo. Mire, levamos tres días organizando, en colaboración co Conservatorio de Danza de Lugo, unha gala onde dende a área de Cultura se lle facilitou a utilización do Gustavo Freire. Por certo, non sei se estivo alí, eu si e estaba absolutamente cheo de persoas vendo ese talento que sae dese conservatorio de danza co que mantemos contacto dende área de Cultura así como co conservatorio de música, así como con distintos colectivos que fan de Lugo teña unha axenda cultural, non sei vostede de onde, que información ten e con quen fala, pero dende logo que está no mapa do país. Actividades moi variadas como arte, danza, música, maxia, teatro... e dende logo que moitas máis disciplinas artísticas moi...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Partido Popular.

- **BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA:** Bos días a todos e grazas, señora alcaldesa. Evidentemente, o grupo municipal do Partido Popular tamén apoia a proposta de constituír canto antes ese Consello Municipal de Cultura, xa que dende o principio convimos en que a súa actividade era moi necesaria e hoxe seguimos pensando exactamente o mesmo, non coma o BNG que antes, cando non gobernaba, consideraba que este Consello de Cultura debería de dar cabida a tódalas opinións, pero agora que precisamente é a área que eles gobernan, fixéronse os esquecidos.

E é que en toda esta lexislatura, este bi-goberno está a demostrar que calquera proposta en materia de cultura ou turismo que fagan os demais grupos municipais no ten cabida nos seus plans. Sobre todo se esas achegas veñen do Partido Popular, que parece que mesmo lles da alerxia.

Nin a proposta da comisión do Arde Lucus, nin a de recuperar a nosa banda histórica municipal, nin as melloras do turismo cultural, nin nada. E non falemos da nosa proposta de que Lugo se presentase a capital española da gastronomía, algo que vostedes, BNG e PSOE, votaron en contra no pleno; e que resultou que un par de horas despois a señora Ferreiro anunciaba na prensa que si se ía facer. Resulta que este ano descubrimos en FITUR que sorprendentemente renuncian, porque os que si se van a presentar son os seus compañeiros do BNG de Pontevedra, que ata alguén podería sospeitar que lles venderon a nosa proposta, pero xa digo, será alguén.

Iso si, teñan en conta que a quen se prexudica é ós lucenses é ás empresas lucenses, que espero que llo fagan notar moi cedo. Pero isto non sucede coas

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

nosas propostas, non só sucede coas nosas propostas en sesión plenaria, senón que tamén as comisións nas que se tratan estes temas de cultura son puro paripé. Non nos comunican os borradores previos das actividades, a conselleira, a edil di que hai moitas actividades pero non as consultan con ninguén, con ninguén, polo que non podemos aportar nada a elas.

Nos informan por la prensa e xa co programa feito en exclusiva polo BNG ou polo PSOE, cada quen nos seus dominios, claro que non se falan.

E as achegas que facemos alí tampouco valen para nada porque a realidade ben demostra que no son tidas en contra en absoluto. Só serven para xustificar falazmente que escoitan á oposición pero a escoita entralles por un oído e sáelles polo outro. Este bi-goberno dedícase a pasar o rolo, a contratar con contratos menores a quen lles peta e non teñen en contra, como ben di á metade das asociacións, e non teñen en conta para nada as inquedanzas e as preferencias culturais de todos aqueles veciños ós que representamos a oposición, que lles es lembro que son gran parte dos lucenses e que no están satisfeitos con que o BNG lles interpreten a prensa cales son os seus gustos.

En definitiva, o importante sería que agora a señora Ferreiro, se fixera eco das súas propias reivindicacións e puxera en marcha ese Consello Municipal de Cultura, que o convoque canto antes para que se actualice o regulamento, se aprobe o regulamento e empece a funcionar xa. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, segunda quenda para o grupo propoñente, a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Mire, señora Ferreiro. Está é vostede, non sei se pode verse, no ano 2016, cando vostede estaba na oposición. Pero claro, o que se ve dende a oposición pois resúltalle complicado. E o que deixan moi claro vostedes dende que están no goberno é que todo o que sexa participación, todo o que sexa integración, todo o que sexa diversidade, pluralidade e sobre todo transparencia pois dálles repelús, e ós feitos nos remitimos.

E porque o que non pode facer, señora Ferreiro, non a deixa en moi bo lugar, é que para defender a súa inexistente xestión cultural teña que faltar ó resto de grupo da oposición. Porque mire, si, vostedes poden seguir en contacto cos sectores culturais, pero hai máis vida mais alá dos sectores culturais nacionalistas, hai unha rica vida cultural fora do ámbito nacionalista que tamén pode e ten dereito a opinar. Vostede é a que falaba da integración, de que todos tiñan cabida no Consello Cultural. Pois ábrao a todo o público, ábrao a todas as asociacións e todas as entidades. Comentáballe antes que se supoñía que vostede saberá o que fan os seus compañeiros noutros concellos, e gustaríanos que nos explicara por que Lugo nin aparece neste ranking, neste observatorio.

Así que dende o noso grupo imos a seguir promovendo e propoñendo espazos participativos para todos aqueles que estean interesados e cremos que este Consello de Cultura, como tamén o de Turismo, mereceno para contribuír e fortalecer os piares fundamentais tanto a nivel social como económico para a nosa cidade. E isto só se conseguirá coas aportacións, o debate, o seguimento, a

validación e por suposto a rendición de contas das políticas culturais deseñadas para a nosa cidade. Nos queremos que a riqueza cultural da cidade enriqueza, tamén a promovida pola Concellería de Cultura, e que a cultura sexa de todos e para todos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda para a portavoz do Goberno, señora Ferreiro

- **TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN:** Ben, a verdade é que me sorprende escoitar á oposición tanto do Partido Popular. Señora Beatriz ¿Vostede sabe o número de colectivos e asociacións que están representados ou que estaban representados no Consello Municipal de Cultura? ¿Sábeos? Porque eu si, e dígolle que máis da metade. Con máis da metade estivemos en contacto con eles. O que pasa é que claro, é normal, vostede non o sabe.

Señora Louzao, eu creo que dedicase a ofender a esas persoas coas que nos estamos en contacto continuamente, que son colectivos que non sei se son nacionalistas ou se son socialistas ou son de Ciudadanos, porque eu non lle pido o carné a ninguén. Non sei, eles terán que decidir de que ideoloxía son se é que teñen algunha ideoloxía. Falan tamén vostedes e acúsannos de que no temos en conta as opinións dos colectivos. Ben, pois precisamente os colectivos son os que nos indican as actividades que podemos levar a cabo na área de Cultura. Escoitámoslos a todos. Pero xa vexo que vostedes, como non asisten ás actividades culturais, pois non saben o que están facendo. Si, si, por moita gracia que lles ocasione, saian por aí adiante e pregunten pola actividade cultural de Lugo a ver que lles din. Claro, pregúntenlle á xente que sabe, que sabe e que efectivamente ten coñecemento do que está hoxe sendo o máis visto e o máis recoñecido a nivel cultural.

En fin, eu como xa dixen ó principio, imos retomar en canto se poida á creación dese Consello Municipal de Cultura, porque nunca deixamos de crer nel e polo tanto...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Última quenda para a portavoz do Partido Popular.

- **BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA:** Grazas. Congratulámonos de que por fin considere que haxa polo menos unha posibilidade de que os demais representantes dos cidadáns poidamos defender as súas preferencias culturais coa súa voz propia. Nós somos representantes, non estamos a falar por nós mesmos, falamos por eles. E que todas, e recalco, todas as asociacións, empresas culturais... teñan agora tamén unha oportunidade, pero dúas cousas: unha, con verdadeira impaciencia estamos a esperar o día que se faga a primeira convocatoria desa comisión, pois como se convoque tarde, mal e arrastras como se convoca a comisión de festas vai a ser igual de inútil; e dúas, esperemos que non se converta no mesmo paripé que ata o de agora foi esa comisión de festas.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

Votaremos, nos votaremos a favor, pero reclamaremos á área de cultura ese compromiso que di que ten e que se vai a seguir mantendo, que se trate dunha comisión que funcione realmente. Isto é na que se poida discutir, consensuar para chegar a acordos e non pasar o rodo da votación, na que se vexa que si se adoptan as distintas propostas de todos os grupos, na que de forma transparente se indique en que, a quen se contrata e como se contrata, e na que se dean as contas de forma detallada e sen escusas. Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois para cerrar a quenda de intervención, trinta segundos para o grupo propoñente.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señora Ferreiro, ó mellor debería mirar ben porque a veces non me ve, que lle vamos facer. Xa sei que non son do seu agrado, pero repítolle o que lle dixen cando acabei a miña segunda intervención. A cultura é de todos e para todos, e deixa moi claro vostede como responsable de Cultura que a participación, a transparencia, dálles repelús, e non hai máis que velo en cada pleno, en cada actuación, en cada momento que vostedes teñen oportunidade déixano moi claro. Transparencia e pluralidade, a cultura é de todos e para todos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Imos entón a proceder a votar a proposta.

5/57 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 146/2022 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE O ANÁLISE E ESTUDO DO GASTO CORRENTE E EFICIENCIA ENERXÉTICA (Exp. 2022/G004/000318)

Vista a antedita proposición, que foi ditaminado pola Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos celebrada o 22 de abril de 2022, e que é do seguinte teor:

“O Sector Público seguiu nos últimos anos a tendencia do crecemento dos gastos públicos en proporcións moi superiores á súa capacidade de xerar ingresos, é por isto que podemos dicir que nos atopamos ante unha única vía, a redución do gasto. Pero isto implica un sistema de control eficiente que permita coñecer o que ocorre co gasto dende que xurde a necesidade que o require ata que se satisface.

Estamos nun momento de redución de ingresos e ante o reto de soste os servizos públicos co mesmo nivel de calidade ou, incluso, cun nivel superior. O sector público actúa nun entorno complexo, en cambio continuo, e o cidadán esixe cada día máis servizos e de máis calidade.

Faise preciso dar a coñecer onde se aplica cada recurso e cales son os resultados obtidos cos mesmos, así como a obriga de reducir aqueles custos que non son precisos, de cara a conseguir a maior eficiencia para dar servizos de calidade ao cidadán. Isto implica dispoñer dun sistema de xestión que informe do



consumo de recursos, dos procesos e dos diferentes proxectos que se están a realizar. Pero non só recursos, temos a obriga de coñecer de primeira man o gasto corrente e tratar de diminuír aquelas partidas susceptibles deso, é momento de desbotar todo gasto superfluo para centrar os esforzos naquelo que realmente debe preocuparnos, mellorar a eficacia e a eficiencia do gasto público. Unha administración avanzada, eficiente, áxil e que faga fronte aos problemas dos cidadáns debe ser o obxectivo prioritario.

O Sector Público, e con el a administración local, ten a obriga de transformarse e adaptarse ás necesidades cambiantes dos cidadáns, das asociacións, do tecido empresarial, etc. Pero tamén ten a obriga do control pormenorizado de proxectos e traballos. Non poden darse casos como o da Biblioteca de A Piringalla que tras varias licitacións veu incrementado o seu custe sen que este se vise reflectido en melloras substanciais desta infraestrutura. Pero non só estas instalacións mostran a desidia desta administración local, casos como a Fábrica da Luz, o Garañón, o parque solar de O Ceao, o MIHL… son mostras de gastos descontrolados sen retorno para os cidadáns, ou cando menos, cun retorno moi inferior ao esperado. Actuacións que requiren dunha análise polo miúdo para evitar o descontrol de gastos ao que nos teñen habituados.

O control do gasto non pasa mentres pola redución de custes, pasa por darlle utilidade ás inversións realizadas, de xeito que teñan un retorno á sociedade e teñan utilidade para a veciñanza e pasa por poñer en funcionamento sistemas alternativos que permitan a redución dos consumos, por exemplo, aquelas medidas destinadas a acadar a independencia enerxética. Nestes intres o custo da electricidade acumula cifras récord e debe ser un compromiso do equipo de goberno a procura de vías alternativas que freen a escalada dos importes das facturas do subministro eléctrico. Para elo debe levar a cabo un profundo estudo dos consumos eléctricos das distintas instalacións e edificios municipais, de cara a perseguir a maior eficiencia enerxética posible, algo moi importante dende o punto de vista da sustentabilidade e do medio ambiente, pero tamén no tocante á economía municipal. Outro dos asuntos a estudar é buscar as opcións máis baratas e competitivas á hora do subministro das distintas enerxías das que depende o Concello, levando a cabo licitacións que permitan obter as mellores e máis transparentes ofertas.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

- Elaborar un análise pormenorizado do gasto corrente no que incorren todas e cada unha das dependencias e instalacións municipais, facendo un estudo daqueles prescindibles co obxectivo de optimizar recursos e acadar unha prestación de servizos completa e de calidade.
- Elaborar un estudo dos consumos e eficiencia enerxética dos distintos edificios e instalacións municipais, de cara a reducir ao máximo a dependencia enerxética, así como para apostar pola sustentabilidade dun xeito real. Levar a cabo a tramitacións oportunas para agrupar e para lograr licitar o subministro das distintas fonte de enerxía das que depende o Concello, nos prezos máis

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

competitivos.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos o debate co Partido Popular como grupo propoñente. Tres minutos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Muchas gracias, alcaldesa. Decía antes la alcaldesa que no recibía ninguna solicitud de las peluqueras del sector de la estética. Hombre, estuvieron en la puerta del Ayuntamiento. Para otros colectivos sí que se acercó a saludarlos, con estos no tuvo esa deferencia. Es cierto que subió el IVA el PP en su día, pero estamos en otro momento. Ustedes están en el Gobierno. Bájenlo. Ya le anuncio que nosotros votaremos a favor sin ningún tipo de problema. Este es el momento en el que estamos viendo una subida dramática, como hablábamos antes de la inflación y estamos viendo como la cesta de la compra prácticamente se hace, bueno, inadmisibles para las personas, no pueden, inasumible para las personas. Mientras, en el Ayuntamiento de Lugo, despilfarramos dinero, derrochamos. Esto es lo que están haciendo PSOE y BNG. Huertos de 10.000 €, huertos VIP de 10.000 €, 734.000 € para hacer 74 huertos en el entorno de las Termas, cuando no son capaces de llenar los huertos de Fontiñas. Y esta es la manera que tienen ustedes de gastar el dinero.

Yo no, no me meto. No decimos que no sea una buena idea hacer unos huertos, pero a lo mejor en vez de 734.000 € hay que gastar 200.000 € porque se puede hacer con bastante menos. Están cogiendo complejos de sultanes, de jeques árabes, con su forma de derrochar el dinero en este ayuntamiento. Llama la atención, por ejemplo, 2 millones y medio de euros enterrados en el edificio inútil Verde. Perdón, en el Impulso Verde. Ese edificio que no sabemos a qué se va a

destinar, pero que siguen derrochando el dinero en él. Por eso, desde el Partido Popular pedimos un plan de optimización de recursos.

Queremos saber cuánto tenemos de gastos corrientes, cuánto nos cuesta el mantenimiento de todo, cuánto nos cuesta la electricidad. Por ejemplo, hemos pedido que se nos facilite el dato real del coste del suministro eléctrico en este Ayuntamiento y no se nos ha facilitado. Se nos ha negado, pero sí hemos visto publicado un dato en los medios de comunicación: 4,8 millones de euros en 2020, 5,5 millones de euros en el año 2021 y en este primer trimestre 2,8.

Es decir, si sigue así en lo que va de año, pagaremos 11 millones de euros multiplicando por dos la factura del año del año pasado. Y esto saldrá de algún sitio, señores del Partido Socialista y del BNG. Tendrán que quitar de otros lados y al ritmo que están derrochando dinero, no sabemos cómo podrá llegar a final de año este ayuntamiento. Estos datos son los que avalan la proposición que les traemos hoy aquí. Lo que queremos es eficiencia en el gasto, eficiencia energética. Lo que queremos son consumos energéticos razonables.

Queremos que hagan contratos, contratos que sean realmente unificados, que promuevan el mejor precio para el Ayuntamiento de Lugo, que es exactamente lo contrario de lo que ustedes están haciendo. Queremos que gestionen con rigor el dinero de todos los lucenses, no como aquella ministra socialista que decía que el dinero público no es de nadie. Les pedimos algo muy simple, señora Lara Méndez y señor Rubén Arroxo, que no actúen como nuevos ricos, que gestionen con seriedad el dinero de todos los lucenses como si fuese el suyo propio, no como si les viniese regalado.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do goberno, señor Penas.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moi bos días a todas e a todos. Moitas grazas, alcaldesa. Encantado de ver especialmente a Mar e a Rafa, encantado de vovos así, así de ben. Unha proposición do Partido Popular en pro da eficiencia á hora de xestionar o gasto enerxético no Concello de Lugo. Efectivamente, creo que todos, calquera persoa, estará de acordo en que así obriga tamén a lei, por certo. A xestión do gasto público debe ser eficiente e eficaz, como na introdución desta proposición que se expón.

A parte positiva emprázanos a poñer en marcha, e leo textualmente, aquelas medidas destinadas a acadar a independencia enerxética. Acto seguido poñen os puntos de acordo, chamándome a atención esta expresión, e bueno, efectivamente alí non había ningunha proposta de tarifa eléctrica galega, demandada polo meu partido político en concreto nin a recuperación das concesións hidroeléctricas en mans das grandes eléctricas, esas que abrazaba tanto o seu presidente Feijóo, que están a caducar neste momento ¿Non? Recuperar para a xestión pública, dende logo, sería acadar a independencia enerxética de todos os cidadáns, podería ser.

Como se dixo xa hoxe neste pleno, cando vostedes están na oposición pois a veces defenden cousas moi contraditorias co que solen facer cando gobernan ¿Non? Si que se fala nesta proposición reiteradamente da importancia da eficacia e a

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

eficiencia para acadar iso mesmo no ido económico, tamén así como no eido da sustentabilidade do medio ambiente. Engadiríamos nos tamén de garantir no que vén a conto co gasto público de iluminación pública pois esa sensación de seguridade que nalgunhas zonas da cidade pois fai falla e que hai que inverter niso. Estamos, por tanto, de acordo co espírito desta proposición, pero como vou a expoñerlle a continuación pois é un traballo que xa se está facendo, coido que con moito rigor e con moito esforzo económico como ten que ser, ¿non? Nestes momentos, por exemplo, hai varios edificios municipais con obras dedicadas en exclusiva a esta mellora enerxética.

En canto á planificación da organización pública, pois so hai que coller o que é o Boletín Oficial da Provincia destes anos e ten aquí unha serie de datos. Xa empezar por, simplemente, o que fixemos no eido económico no segundo semestre do 2019, o completar este mandato, onde xa nese suplemento, con ese pouquiño tempo que se levaba no goberno, xa se incluíron mais de medio millón de euros tanto para a organización pública como para edificios municipais.

E seguimos, no orzamento do 2020 pois, xunto co suplemento do 2020, foron mais dun millón e medio de euros: Avenida das Américas, iluminación do Grupo da Paz... unha serie de datos que continuarei na seguinte intervención porque coido que se me acaba o tempo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz de Cidadáns. Cambiarei o orden de intervención, desculpen. Despois retomamos a orde ordinaria.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moitas grazas. Alégrome de que o Partido Popular se una ó que desde Ciudadanos levamos repetindo dende que se iniciou este novo mandato, que esta administración non é capaz de manter o seu ritmo de gasto. Contar cun Concello con débeda cero con remanente de crédito tal e como se reitera e se presume dende o equipo de goberno, pois non é síntoma dunha xestión eficaz e eficiente do gasto público, mais ben o contrario.

Durante o mandato anterior, a normativa en vigor esixía que os remanentes de crédito, moi elevados debido a un nivel moi baixo de execución orzamentaria, eliminasen a débeda existente en primeiro lugar ó non cumprir cos requisitos necesarios para dedicalos a outras posibilidades, sobre todo polo incumprimento do período de pago a provedores.

Logo deixaron ter débeda pero con millóns de euros sen gastar e encheron as contas nos bancos. Coa chegada dos fondos europeos, a estratexia DUSI, o proxecto Life ou o *Smart City* incrementáronse os recursos que sumaron cantidades importantes os xa existentes pero que por desgraza non contaron cunha planificación e deseño e un análise pormenorizado das necesidades reais da cidade as que darlles solución coa finalidade de mellorar a nosa cidade e a calidade de vida dos nosos veciños. En lugar diso, comezaron a planificarse proxectos custosos que unicamente servirán para engrosar o gasto municipal ó que se terá que facer fronte nos vindeiros anos.



Porque en ningún momento, repito, en ningún momento e a pesares de ser reiterado e esixido en múltiples ocasións polos grupos da oposición existiu unha análise exhaustiva, pormenorizada, do que suporá o gasto das mal chamadas Caldas, do Edificio Verde, o edificio para os artistas, dos novos centros sociais, dos novos centros urbanos, do pavillón deportivo de madeira de tres millóns de euros... E todo isto cando a nivel de ingresos municipais xa non chega para cubrir os gastos comprometidos que tamén se incrementan ano a ano, como se pode comprobar por exemplo no capítulo de persoal ou tamén nos contratos vixentes, moitos deles cun aumento considerable no seu custo. ¿E que faio goberno ante isto? Pois nada, máis ben o contrario, segue ancorado nunha fuxida cara adiante, presentando grandes iniciativas na actualidade, en moitos casos innecesarias, baseadas nun mero interese propagandístico, non nun estudo de necesidades que seguirán a hipotecar as arcas municipais.

E iso sen reducir o gasto corrente nin subir impostos é inasumible para un Concello coma o noso. Apóstanos vostedes todo ós cartos que cheguen de fóra ou ás rendas dos anos pasados que están a permitir polo momento sobrevivir economicamente a esta administración. E se a este descontrol do gasto sumamos o incremento do gasto corrente en materiais, en combustible, en enerxía... que tamén afecta a esta administración, terán vostedes que recoñecer que se gasta moi por riba das posibilidades reais de ingresos. Como xa lles dixen noutras ocasións, é preciso que abandonen esta carreira de anuncios e fotos, pisen o freo e reflexionen acerca de herdanza que están a deixar ás xeracións futuras, que se verán obrigadas a pagar as festas deste bi-goberno absolutamente descontrolado.

Gastar, por suposto, pero con sentido común. Repítollo e pídolles por favor que reflexionen como xa fixen en moitísimas outras ocasións. Cremos que estas propostas do Partido Popular van nesa dirección de controlar e supervisar os recursos municipais e sobre todo eliminar todo gasto superfluo existente, que asfixiarán aínda máis, se non se toman medidas, ás arcas municipais.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Segunda quenda agora para o grupo propoñente. Minuto e medio.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Señor Penas, por suposto que obriga a ley a hacer todos estos contratos, pero ustedes son como forajidos. Van siempre al margen de la ley. Habla de concesiones hidroeléctricas y perdimos la concesión de la fábrica de la luz, que era municipal, por culpa de Lara Méndez y por culpa de sus socios de Adegas.

Tenemos el peor gobierno en el peor momento, en España y en Lugo. Miren, ya no es que estemos hablando de la inflación, estamos hablando de que tenemos un gobierno que ha provocado que las cuentas de Lugo sean deficitarias. ¿Por que? Porque van de nuevos ricos. Esa es su manera de gobernar. Van de nuevos ricos. Gastan más de lo que ganan. Lo hemos visto en el año 2021 y lo vamos a ver durante el año 2022. En la basura, por ejemplo, en el 2021 contaban con recaudar 14 millones y recaudaron sólo el 60%. En el ICIO, en construcciones, recaudaron solo el 57% de lo previsto. Ustedes saben lo frustrante que es para los lucenses ver

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

cómo otros ayuntamientos consiguen captar empresas, consiguen generar empleo y ganar población, y en Lugo la perdemos. Ustedes son conscientes de que un ayuntamiento como Palas de Rey, acaba de conseguir 2500 nuevos empleos para sus vecinos y ustedes no son capaces de captar una sola empresa.

¿Ustedes saben lo frustrante que es ver como la mayoría de mis amigos, de mi generación, se han tenido que ir de Lugo porque aquí no tenían opciones? Hijos, nietos de los que están aquí, se han tenido que ir de Lugo porque no tienen opciones en Lugo. Lugo necesita un cambio, Lugo necesita ilusión. Lugo necesita esperanza, oportunidades. Lugo necesita futuro y ustedes son pasado.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, quenda agora para portavoz de Cidadáns. Minuto e medio.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Sorpréndeme que a señora Alvarellos non participe neste debate porque ela como máxima responsable de economía pois seguro que nos podería ilustrar, ou escusarse tamén, ante esta situación. Ou quizais é porque sabe perfectamente que esta situación é unha situación insostible e que tarde ou cedo, ó mellor non hoxe, non mañá, pero si que explotará nas mans, seguramente non deste goberno, pero si no seguinte ¿Por qué? Polo que dicía antes. Puidémolo ver nas liquidacións dos orzamentos, este concello gasta moito mais do que ingresa e iso ten dúas posibles solucións: Ou rebaixan vostedes a calidade dos servizos, o que significa os seus custes; ou soben os impostos ós nosos veciños. Porque non poden vivir de rendas toda a vida, que é o que están a facer vostedes nestes momentos, están apostándoo todo ós cartos que veñen de fóra, dos fondos europeos ou tamén dos fondos das axudas estatais, pero non a unha análise pormenorizada do gasto corrente que vostedes teñen.

Dicía antes, soben servizos, sobe persoal e isto hai que mantelo, porque todos queremos uns servizos de calidade e traballadores municipais que poidan prestar unha atención como se merecen todos os nosos veciños. Entón a vostedes só lles queda tomar medidas e, sobre todo, plantexar que cada proxecto que vostedes queiran levar a cabo cumpra as necesidades ou responda ás necesidades reais da cidade ¿Realmente vostedes cren que nesta voráxine que levan vostedes de presentación de mega-proxectos, que en moitos casos son inútiles, imos a poder mantelos no futuro? E que xa me imaxino como as Caldas, nun futuro non moi próximo, estarán alí abandonadas e sen poder manterse porque no somos quen de pagar o recibo de la luz. E isto será culpa de vostedes. Esa será a herdanza que vostedes deixen ás futuras xeracións.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz doGobierno, o concelleiro de Infraestructuras, o señor Penas.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Moitas grazas, alcaldesa. Segó dando datos rápidamente. Creo que son de inversión. Eu creo que tanto Olga Louzao como Ameijide igual non leron a moción que presenta o Partido Popular, porque están

falando de todo, creo que de organización e de xestión do gasto enerxético, para iso hai que investir.

Estaba dando datos de que levamos investidos neste mandato moitísimos cartos. Iso vai baixar moitísimo o que é o gasto económico e creo que todos estamos de acordo. Orzamento do 2020 e suplemento, mais dun millón de euros. Orzamento do 2021, 1.100.000 €; orzamento do 2022, medio millón facendo proxectos.

Isto é o que realmente conta á hora da eficiencia enerxética, o que podemos facer digamos a nivel local. Existe unha planificación, que é o que di esta proposición que está aquí, evidentemente hai unha planificación, non empezamos de norte a sur nin de este a oeste. Hai unha planificación dependendo do que din os técnicos, onde hai que invertir prioritariamente, e é o que se fai pois con rigor, con profesionalidade e con moito coidado, xa que son cartos públicos e iso eu creo que é o que viñamos a falar aquí.

Eu creo que vostedes se estanse desviando para falar doutras cousas, como se xa houbera eleccións dentro dun mes. Adiántolles que se queren presentar algunha proposición o Partido Popular ou Ciudadanos estes días para dicirlle ó goberno municipal que intente peonizar o tramo da Mosqueira, adiántolles que xa estamos traballando niso. Nada máis.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o grupo propoñente, trinta segundos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Señor Penas, estamos preocupados porque en el 2021 no fueron capaces de pagar lo que gastaron y en el 2022 van peor de lo que estábamos ya en 2021. Son el gobierno del derroche, del déficit, de la desilusión y de la paralización. Son el gobierno de los nuevos ricos de la política gallega y lo único que les decimos es que gestionen con rigor, que Lugo necesita un cambio, que Lugo necesita futuro y que ustedes son pasado.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** A verdade é que é curioso, non se saben ler un sinxelo dato de liquidación dun orzamento, pero si ten a ousadía e a desfachatez de dicir que están falseados, que é tanto como dicir que dende o servizo de intervención se nos permite falsear información. Tremendo, tremendo.

Nunca xestionaron no Concello de Lugo fondos europeos e polo tanto ata podo entender o descoñecemento pero, home, polo menos a preocupación de informarse e saber cómo funcionan ¿Non? Porque así, moi resumidamente, un prepara un proxecto para presentar a sua candidatura, pasa distintos filtros e díselles desde Europa se é beneficiario deses fondos ou non. Por exemplo o *Life*, que lles recordo que o noso *Life* foi un dos dous que houbo en toda España, con ese gran recoñecemento que nos está poñendo nun mapa nacional e internacional.

Co Edificio Impulso Verde, mañá mesmo ven un concello de León a visitar este edificio. Mais aló de expertos internacionais, mais aló de todo o recoñecemento, méritos e distincións que xa está recibindo, avalado a nivel nacional e internacional, incluso avalado polo seu presidente da Xunta de Galicia, que agora vai a a ocupar outros menesteres, e tamén puxo en valor a importancia da finalidade deste edificio,

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

do uso da madeira, da transformación... e vostedes seguen véndoo coma unha casiña de madeira con esa mirada curtopracista que teñen sen ver a importancia real.

Ou é capaz de dicir que en vez de gastar setecentos e pico mil euros nos futuras hortas urbanas, con outro concepto que será tamén de impacto e así o dixo o representante deste proxecto na UPM, na Universidade Politécnica de Madrid, que é quen forma parte deste proxecto, quen redactou estes proxectos. É dicir, expertos con traxectoria e indica que vai a ser un referente a nivel nacional e vostede está dicindo tan alegremente que se recorte, que se destine só 200.000 €, parece que vai aí a peso, dictando "Pois veña, quitamos catrocentos e deixamos douscentos" sen saber que no propio proxecto, cando nos presentamos a candidatura, ía un epígrafe que se dedicaba a hortas urbanas neste eido 1,4 hectáreas e polo tanto temos a obriga de facelo.

Pero non, falan destes proxectos, que somos acredores de recibir eses créditos e de recibir ese orzamento para dinamizar a economía e para tamén transformar ás sociedades, que é un dos grandes obxectivos tamén destes fondos europeos a través das distintas estratexias, cousa que vexo que descoñecen, como poden falar igual... Ben, agora da pasarela inútil xa non falan, porque como vén que a cidadanía pois a está recibindo con moito agrado, que está facendo moito uso dela, xa deixaron de falar da pasarela, pero como deixarán de falar das Caldas cando vexan a importancia que van a ter e supor para a cidade, como deixarán de falar do Impulso Verde cando vexan que é un elemento tractor e dinamizador, e cambio de concepto de mentalidade das segundas transformacións que estamos a facer en Lugo, como deixarán de falar de moitos outros proxectos unha vez que funcionan.

É polo tanto o único obxectivo seu, aparte do gran descoñecemento que mostran, polo tanto é mellor que sigan sendo oposición, que como digo son moito máis de utilidade e ata pois máis progresistas tamén na oposición que despois cando gobernan. Evidentemente, creo que lles queda un longo camiño nese eido.

Pero falan tamén de que grazas a que temos fondos europeos. Afortunadamente, porque os merecemos, porque presentamos bos proxectos e porque somos merecedores dilo. Pero tamén facemos un esforzo inversor, o concelleiro do goberno intentáballe trasladar pois todos os cambios que estamos facendo en temas luminarios, nas distintas rúas da cidade, porque estamos dedicando orzamento municipal para este fin, como lle dedicamos tamén, ou solicitamos tamén subvencións para a planta de biomasa, para todos os proxectos do IDAE que van a transformar tamén para buscar esa eficiencia, esa eficacia enerxética.

É dicir, proxectos que están en marcha, que non é que falemos de futuribles, é que xa están ou finalizados ou se están a realizar, ou incluso ese binomio público-privado con ese protocolo que asinamos para crear en Lugo a primeira rede de bio-gas que vai a abaratar despois o consumo das familias e vai a permitir que lle abarate esa factura que terá que pagar a final de mes, co cal é que estannos dicindo que fagamos o que xa vimos facendo, estamos a facer propostas que xa se están a realizar e por iso lle temos dito en moitas ocasións que cando sexan iniciativas que xa estamos a realizar, que de verdade que non van a contar co noso apoio para facer demagoxia.

O que lle pedimos é que fagan unha oposición seria, responsable e que fagan propostas en positivo que axuden realmente a dinamizar a economía da nosa cidade. Porque falar de que non estamos facendo nada dende o Concello de Lugo cando é o primeiro concello que dedica un fondo de capital risco, o primeiro de toda Galiza con doce millóns de euros, que por certo vostedes votaron a favor deste crédito, votaron a favor deste crédito, que podíamos facelo en solitario dende o Goberno porque temos a maioría pero queríamos a unanimidade, e non son capaces nin de recoñecer como bo aquilo que votan vostedes a favor. Doce millóns de euros, que xa se falou incluso por parte da entidade xestora deste fondo dos postos que vai a crear, mais de mil postos de traballo directos.

Pero parece que só ven os beneficios nos concellos do lado, e non vamos a entrar en debate desa planta porque o señor Feijoo marcha como entrou, enganando á cidadanía e con moitas débedas históricas por todo o territorio. O que lles pido é que sumen a favor da cidade, que fagan propostas en positivo, que neste momento de dificultade a cidadanía o vai a agradecer moitísimo mais que esa demagogia na que están instalados.

Vamos a proceder a votar a proposta do Partido Popular.

6/58 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 147/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A CONVOCATORIA DA COMISIÓN CONSULTIVA DE PRAZAS E MERCADOS DE CARA A ACTUALIZACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL E ELABORACIÓN DUN PLAN DE DINAMIZACIÓN. (Exp. 2022/G004/000319)

Vista a referida proposición, que foi ditaminada pola Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e Ordinaria de Participación e Servizos para a Veciñanza celebrada o día 21 de abril de 2002, e na que se pon de manifesto o seguinte:

“Nas pasadas semanas, dende a Concellería de participación cidadá, remitiuse aos industriais da Praza de Abastos e do Mercado de Quiroga Ballesteros una misiva que recordaba as obrigas que impón a ordenanza municipal aos titulares dos diferentes postos.

Como sexa que nos últimos tempos estes industriais se viron afectados por diversas actuacións municipais como a reforma da Praza de Abastos ou a peonalización da calle Quiroga Ballesteros, este Grupo vese na obriga de traer ante o pleno a demanda de que se proceda a cumprir cas obrigas que dependen directamente da institución municipal para dar conta e chegar a un consenso nas medidas precisas para dinamizar e poñer en valor os negocios que teñen a súa actividade nestas instalacións municipais. Se ben a ordenanza municipal recolle a obrigatoriedade de convocar unha comisión consultiva cada ano con carácter

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

ordinario, podendo convocarse con carácter extraordinario si así o require algunha das partes, cabe plantexar se non debería ser neste órgano consultivo onde se adoptasen e transmitisen aquelas demandas que cada unha das partes teñan por convinte.

Estamos ante unha ordenanza que non se está a cumprir, que carece de revisións que garantan a súa idoneidade así como a súa actualización e utilidade, pero estamos nunha situación na que a administración municipal decide esixir o seu cumprimento literal aos titulares dos postos cando non é quen de cumprir cas obrigas que ela mesma se impuxo no seu momento ao redactar a norma.

Este Grupo Municipal xa levou a comisión de pleno diversas consultas sobre esta comisión, sendo como outras tantas iniciativas da oposición, ignoradas polo equipo de Goberno, que fai caso omiso das achegas polo simple feito de ser feitas pola oposición ou de apropiarse delas en beneficio propio.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

- Convocar de xeito inmediato a Comisión Consultiva de Prazas e Mercados no horario que facilite a asistencia do maior número de membros posible e que esta se estableza como cauce de comunicación entre o Concello de Lugo e os titulares dos postos da Praza de Abastos e do Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros.
- Crear, a partir de dita comisión, un grupo de traballo para a actualización da ordenanza municipal, adaptando o seu contido as demandas e necesidades actuais (a ordenanza é do ano 2011) e buscando medidas ambiciosas que leven a estas instalacións municipais a ter o volume de operacións comerciais desexables.
- Establecer, de acordo cos titulares dos postos, un plan de dinamización dos mercados tradicionais que inclúa a Praza de Abastos e o Mercado Municipal e que fomente de forma activa as transaccións comerciais nestes establecementos.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 24 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Convocar de xeito inmediato a Comisión Consultiva de Prazas e Mercados no horario que facilite a asistencia do maior número de membros posible e que esta se estableza como cauce de comunicación entre o Concello de

Lugo e os titulares dos postos da Praza de Abastos e do Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros.

SEGUNDO.- Crear, a partir de dita comisión, un grupo de traballo para a actualización da ordenanza municipal, adaptando o seu contido as demandas e necesidades actuais (a ordenanza é do ano 2011) e buscando medidas ambiciosas que leven a estas instalacións municipais a ter o volume de operacións comerciais desexables.

TERCEIRO.- Establecer, de acordo cos titulares dos postos, un plan de dinamización dos mercados tradicionais que inclúa a Praza de Abastos e o Mercado Municipal e que fomente de forma activa as transaccións comerciais nestes establecementos.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois iniciamos novamente co grupo do Partido Popular. Tres minutos.

- **SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL:** Gracias, alcaldesa. Imos poñer en antecedentes ó cidadán. Nas pasadas semanas dende a Concellería de Participación Cidadá remitiuse ós industriais da Praza de Abastos e do Mercado de Quiroga Ballesteros unha misiva que recordaba as obrigas que impón a ordenanza municipal ós titulares dos diferentes postos no tocante ós horarios mínimos de atención ó público.

Ata aquí estamos todos de acordo en que temos que cumprir o que firmamos. Pero é neste momento cando eu lle teño que recordar ó goberno que hai que predicar có exemplo, xa que na mesma ordenanza recolle a obrigatoriedade de convocar unha comisión consultiva cada ano con carácter ordinario, podendo convocarse con carácter extraordinario se así o require algunha das partes.

Estamos ante unha ordenanza que non se está a cumprir, que carece de revisións que garantan a súa actualización e utilidade, pero estamos nunha situación na que a administración municipal esixe ese cumprimento ós titulares dos postos cando non é quen de cumprir coas obrigas que ela mesma se impuxo no momento de redactar a norma. Este grupo municipal xa levou á comisión de pleno diversas consultas sobre esta comisión consultiva.

Para ser exactos levouse en outubro e novembro, sendo esta última na que dona Cristina López nos contestou o seguinte e leo textualmente "Non é competencia dos concelleiros, entón entendo que isto é da alcaldía, e despois se quere delegar ou non en min iso xa será pois decisión dela, tal e como pon a propia ordenanza e entón entendo que se ten que trasladar á propia alcaldesa se quere unha comisión e se quere constituíla ou non". Continúa "Todo o mundo ten acceso a min en todas as cuestións referidas a prazas e teñen unha comunicación fluída e constante, teñen o meu número de teléfono".

Neste momento asáltame a primeira dúbida. Se é suficiente con que teñan o seu número ¿Para qué se solicita que se convoque esta comisión como se nos

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

comunicou fai unha semana? ¿Será porque non chega con esa vía e necesitan explicarse cara a cara? Por isto mesmo reunímonos con eles, recorrendo posto a posto e escoitando ás súas inquedanzas.

A outra dúbida que me xorde é con respecto a cando se nos di que dirixamos o rogo ou pregunta á señora alcaldesa. Recórdolles que nunha comisión dixéronnos que o goberno era o que redirixía as preguntas da comisión a pleno ó servizo correspondente. Polo tanto, non entendo por qué as preguntas sobre este tema formuladas en abril, ás que se supón que non pode responder a conselleira deste servizo, volven a ser redirixidas á comisión de suxestións, na cal se nos volve a contestar o mesmo que en novembro.

É dicir, que é cousa da señora alcaldesa. E por se isto fose pouco, unha das representantes do PSOE alí presente contestou que alcaldesa non tiña tempo para convocar tantas comisións. Recórdolles que o seu soldo é por atender asuntos do Concello de Lugo, se non teñen tempo ó mellor se teñen que plantexar deixar outros menesteres alleos a esta administración.

En conclusión, como non sei se toda esta información chegou con anterioridade á alcaldesa, hoxe xa escoita en vivo e en directo todo o que lle digo, e así poderá aportar e apoiar esta iniciativa polo ben dos praceiros e animarse a convocar nos próximos días á Comisión Consultiva de Prazas e Mercados.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Ben, a Praza e o Mercado de Abastos son dous dos espazos emblemáticos da nosa cidade, cunha actividade económica moi importante e nunca foron suficientemente valorados polos gobernos anteriores e tampouco por este bi-goberno. E con comentarios como aquel de "Non venden porque non queren" pois a verdade non se está indo a mellor. Houbo que esperar anos para que se completase a adxudicación dos postos baleiros e das concesións caducadas, para así rematar cunha situación de clara irregularidade e indefensión dos adxudicatarios, e rematar tamén así cunha interinidade que impedía investimentos nos postos. Isto, por suposto, foi durante anos un freo á súa revitalización na que esta administración ten a máxima responsabilidade, ó ser municipal.

Cos investimentos do plan Urban trataron de darlle un lavado de cara con obras por importe de mais dun millón de euros, douscentos mil euros recordemos, que quedaron sen rematar e con grandes deficiencias ás que aínda se lles acaba de estar poñendo remedio. Así aconteceu co soto da praza, que aínda logo de gastar trinta mil euros mais tiñan ata fai pouco pois importantes filtracións de auga, o chan irregular e carcheado, a instalación eléctrica e o cableado á vista...

Coa conseguinte dúbida dos traballos de finalización da Rúa Quiroga Ballesteros os praceiros tamén seguiron sufrindo as consecuencias das obras con escaso apoio político e menos simpatía tamén polos grupos do bi-goberno. Ata houbo que pedirles que colocasen unha rampla para poder acceder á praza. Por no falar da



súa páxina web, na que se gastaron miles e miles de euros e que pasou mais tempo inoperativa que funcionando.

E por certo, señora López, leva desde xaneiro sen actualizar, algo vostedes farían. Ademais, o domingo cremos que hai que recordar que houbo concertos pero claro, como non foron organizados polo partido socialista, pois non querían vostedes darlles propaganda E todo así. O único que lles importa ós dous é a súa propia rendibilidade. Política, por suposto, para a cidade ningunha. O demais dálles absolutamente igual. É ben coñecido por todos que dende o noso grupo se presentaron distintas propostas e iniciativas para dinamizar e impulsar este espacio municipal, que para nos segue tendo moitísimas posibilidades.

Pero claro, para isto hai que crer nel e apostar por el.

Actualizar a ordenanza municipal é básico tendo en conta que se levan realizando cambios por decreto importantes no funcionamento do mercado da praza, en canto á normativa de reserva do uso dos espazos, o calendario de aperturas, o funcionamento do mercado tradicional... que non aparecen na ordenanza actual. Vostedes son máis de entregarlle papeliños ós praceiros cos feitos consumados en lugar de escoitalos. Pero para isto a Comisión Consultiva, señora López, que a pesar de que vostede diga que é competencia da alcaldesa convocala, entendo que será a súa responsabilidade pedirlle que a convoque. Unha pola outra, pois a casa segue sen barrer.

Porque como xa lles dixen noutra das miñas intervención, e este é un feito mais consumado, señora Ferreiro, toda a participación e a escoita activa pois séguelles dando repelús.

Se realmente queren apostar dun xeito activo por un dos lugares mais valorados polos lucenses, entre os que sen dubidalo tamén me atopo, e non por suposto grazas a vostedes, comecen por escoitar, e máis a aqueles que día tras día abren os seus negocios tradicionais, ofrecen os mellores servizos e que, por suposto, deben contar cunha normativa actualizada, consensuada e acorde á situación actual e ás súas necesidades, non ó que lle compete a este bi-goberno.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois quenda agora para a delegada da área de Participación Cidadá.

- **MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Bo día a todos e a todas. Antes que nada pedir desculpas polo ton de voz que teño, que estou ante un proceso gripal. Ben, e unha vez dito esto quero dicir que, ante a proposición trasladada polo Partido Popular, que na maior brevidade posible convocaremos a esta Comisión para así darlles voz e participación, que así a teñen, aínda que digan que non, todos os comerciantes da Praza de Abastos e do mercado municipal. Unha vez dito isto quería trasladar, quería destacar a importante labor que levaron a cabo tantos comerciantes tanto da Praza de Abastos como do mercado municipal, sobre todo nos momentos máis duros da pandemia.

Vimos como estes traballadores día a día traballaron arreo co fin de dar traslado e poder facilitar a compra a todos os veciños e as veciñas nos momentos máis duros onde a xente non se podía mover dos seus fogares. Así, nesos primeiros intres

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

puxéronse en contacto con esta parte do goberno, con esta concellería, co fin de poder trasladar e dar comunicación e darlles voz e poder trasladar á cidadanía ese reparto a domicilio que fixeron arreo, que se traballou moito para así poder atender todas aquelas demandas destes cidadáns que tiñan dificultades para poder trasladarse naqueles momentos tan duros de mobilidade que tiñamos e así puideron facilitarlles as compras e poder facilitarlles que puideran recibir nos seus fogares esas mercadorías que con tanto traballo nos achegan todos os días, tanto os praceiros do mercado como da Praza de Abastos.

Vimos cómo se trasladaban ás distintas lonxas para poder ofrecernos pescado, pescados e mariscos frescos. Vimos como elixen as súas reses, que comercializan nos distintos puntos cárnicos. Ó mesmo tempo vimos como traballan tamén a elección tanto de froitas e verduras para poder facilitarnos a maior frescura dos produtos de proximidade, da maior calidade e atendidos por profesionais de primeiro nivel como nos podemos topar alí. En todo momento estamos a disposición deles, de todas aquelas reivindicacións ou de todas aquelas colaboracións que eles entenden que podemos aproveitar o foco do Concello, pois ben, a través desas comunicacións e deses medios de comunicación para trasladar ese tipo de demandas.

En canto ás actividades. Actividades pois ben, quero destacar como é campaña de "O noso mercado é un agasallo", que vimos facendo durante todos estes anos. É unha campaña que se fai durante o Nadal, campaña moi importante, moi ben aceptada tanto pola cidadanía como polos propios comerciantes, onde vemos que se están fidelizando clientes ó longo de todo o ano. A maiores tamén temos que destacar a importancia das luces de Nadal como inicio do Nadal comercial como vimos facendo durante todos estes anos. É un referente xa da nosa cidade, as visitas a estes espazos tanto no mercado como na Praza de Abastos para ver esas luces...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos entón a segunda quenda de intervencións, minuto e medio para a portavoz do Partido Popular.

- **SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL:** Gustaríame facer fincapé en que non sabemos se lle chega toda esta información á señora alcaldesa, por iso lle vou facer un resumo das peticións que realizan parte dos praceiros. Unhas peticións que non sabemos se están no whatsapp da concelleira responsable ou no buzón de voz do seu teléfono, pero supoñemos que non xa que non se están a solucionar. Entón vamos por puntos. Horarios, punto un ¿Sabem vostedes a qué hora chegan a maioría dos peixeiros e peixeiras? Pois ás catro e media ou cinco da mañá, e moitos están no posto ata as cinco da tarde. E preguntanse ¿Cantas horas máis queren que fagan? Punto dous: Limpeza. Trasládannos que necesitan que o servizo de limpeza utilice mecanismos mais efectivos xa que a fregona non é suficiente. Punto tres: Comunicación. Por una banda está o tema da Comisión Consultiva, que non se convoca, aínda que agora Cristina di que si que a pode convocar. E por outra banda non se entende porque no mercado hai wifi e pola contra na Praza de Abastos non o hai. Punto catro: Loxística. As obras remataron no mes de outubro e

dende esa data o montacargas non funciona, colgando da súa porta un cartel que así o indica. ¿Sabem vostedes o prexuízo que isto conleva? ¿Entenden que a descarga da mercancía faise na planta baixa e hai que subila? Punto cinco: Dinamización dos mercados tradicionais. Neste punto teño que dicir que a simple vista está que moitos dos establecementos están sen ocupar. Temos que recoñecer que Cristina intenta dinamizar o sector da Praza, pero necesítase que se fomente de forma máis activa as transaccións comerciais tanto de prazas como do mercado, así como que se fagan as ofertas dos postos máis interesantes para que se animen os lucenses a presentar proxectos para ocupar os establecementos baleiros. Como ven, xa lles facilitamos á orde do día da Comisión Consultiva. Agora só teñen que convocala. Grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señora López, nos non vamos a poñer en entredito se pode facer as accións que está levando a cabo para dinamizar a praza, e que moito mellor do que se facía antes, que non se facía nada pois é, pero aínda quedan cousas que hai que tratar de mellorar.

E unha delas é que as normativas que se están cambiando por decreto non responden á situación actual nin ás necesidades dos praceiros, e iso implica que non hai unha comunicación fluída con eles. Polo tanto, hai que darlle remedio a este asunto porque a praza e o mercado non van a funcionar se non hai praceiros que abran os seus postos. Polo tanto, creo que os máis interesados, tanto vostedes como eles, teñen que levar a cabo esa escoita activa. E a comisión existente na ordenanza pois é un bo medio para levala á cabo e sobre todo que se comunique coa señora alcaldesa para ver quen ten a responsabilidade.

Nós presentamos no ano 2017 unha proposta de dinamización da praza, porque nese momento os postos aínda estaban sen adjudicar. Había moitos postos baleiros, moitos en infinidade e iso supoñía pois unha falta de investimentos importante e tamén falábamos doutras propostas para dinamizar. Nós recomendámoslle que as recupere, o mellor non son do seu agrado porque xa sabemos que en moitas cousas Ciudadanos e o Bloque Nacionalista Galego non están de acordo pero espero que no que se trata de mellorar e poñer en valor espazos emblemáticos da cidade ou mellorar a nosa cidade pois si que se poidan ter en conta. Pódese facer moito máis do que se está a facer e recórdolle outra vez que a páxina web segue sen actualizar, e o que teñen que facer é pechala para non seguir gastando cartos públicos ou darlle realmente contido que sirva para algo máis que para estar aí.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois novamente a portavoz do goberno ten a quenda de palabra.

- **MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ:** Ben, pois seguindo coas múltiples actividades que se están levando alí a cabo, quero destacar tamén os obradoiros

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

infantís, estamos acercando as crianzas ó mercado municipal e á Praza de Abastos para que sexan un espazo que teña en conta ós país e nais e así poidan vir a mercar con todo o tempo do que dispoñan xa que así as súas crianzas van a ser atendidas non soamente en obradorios de creatividade, non soamente lúdicos, senón de formación tanto medioambiental como de cociña e máis.

Tamén queremos recordar que o arranxo do soto da Praza de Abastos tamén nos está supoñendo e está tendo unha importante demanda por empresas que queren vir a facer aquí actividades. Entón, en breve teremos o campionato estatal de fútbolín, que temos previsto celebralo no mes de agosto e ó mesmo tempo temos pois no mes de setembro, celebraremos entre setembro e outubro a Feira do Mel, esa é unha tradición, a celebración deste evento que dinamiza moitísimo a zona e achega a moitísima xente de Lugo a vir a mercar ese produto tan espectacular como temos que é o mel e todas as súas propiedades.

Tamén queremos destacar que no mes de outubro tamén celebraremos o Expo-Bodas. Entón no que me reitero é en que hai un montón de actividades que se están levando a cabo na Praza de Abastos e no mercado municipal, e si se están atendendo ás peticións dos praceiros e praceiras e todas aquelas achegas que teñan os distintos grupos da oposición aquí estamos para poder recibilas e poder atendelas e poder facer pois todo o posible, porque non podemos esquecer o importante dinamismo económico e o centro neurálxico e económico que supoñen tanto a Praza de Abastos coma o mercado ...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas gracias. Pois derradeira quenda para o grupo propoñente. Trinta segundos.

- **SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL:** Está claro que a ordenanza necesita unha actualización e que é necesaria a Comisión Consultiva para que se adapte ás demandas actuais dos usuarios.

Agora o goberno municipal xa non se pode culpar mutuamente ou dicir que non estaban informados. Todos temos a información completa. Xa non se poden evadir responsabilidades. Polo tanto espero que voten tanto uns como outros a favor, xa que o BNG sempre di que lo faría pero que non é responsabilidade deles e o PSOE coa alcaldesa ó fronte terá que votar a favor se non quere que os cidadáns os culpen de deixación de funcións. Recórdolle coas súas palabras que esta é a proposta que vostede solicita en positivo e para a dinamización económica da cidade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois así o faremos, tal e como lle dicho a portavoz do Goberno, e tamén lles digo que durante tres anos puideron xa habelo traído con anterioridade a pleno, e o mellor incluso se houbera levado antes adiante.

Tamén é certo que eu creo que a veces esquecen a contextualización, a situación actual que estamos vivindo, primeiro pandémica e agora de crise económica, tamén pola situación bélica, pero o que si tamén me gusta é escoitalos, de verdade é gratificante, ver como todo o mundo agora pon en valor a Praza de Abastos e o



mercado municipal. Como queremos dinamizar, iso é bo e moi positivo, evidentemente é un dos grandes obxectivos.

Mágoa que non atopáramos este apoio no pasado mandato, que cando ademais eu xa como alcaldesa puxen en marcha a segunda fase dentro deses fondos URBAN, dos fondos europeos que tanto critican, que no momento en que se está executando pois nos dá uns titulares magníficos como o que nos deu o Partido Popular falando do furor da improvisación nesa segunda fase que puxen en marcha como alcaldesa xa no pasado mandato, e que non fomos quen de poñer en marcha a Planta Soto porque non contamos co apoio da oposición para aprobar eses fondos, para poder sacalos adiante.

Qué pena que agora, unha vez que xa está finalizado, que estamos nun mandato cunha estabilidade orzamentaria que nos permite pois poñer moitas das obras que tínhamos proxectadas e que tínhamos xa iniciadas no pasado mandato, e unha vez finalizadas eso si é cando falan de dinamizar, de poñer en valor, de incentivar... Que de verdade, que nos alegamos moitísimo de que se sumen a esas iniciativas xa postas en marcha polo Concello e que mágoa de tempo perdido para a cidadanía lucense. En todo caso, tal e como lle dixen, como me compete poñerei en marcha esa Comisión Consultiva para dar voz á oposición como me trasladou tamén xa moi ben a concelleira e portavoz do Goberno.

As liñas están directas para todo o mundo, para as propostas tamén da oposición pero en todo caso é certo e se convocará e tamén é certo que a puideron haber traído dende fai tres anos ata agora a outros moitos plenos celebrados con anterioridade. Pero para que vexan que cando é algo propositivo e bo contan o voto do goberno, pois vamos a visualizalo nesa votación que procedemos a realizar.

7/59 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 148/2022 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO DA COBERTURA FIBRA ÓPTICA NA ZONA RURAL (Exp. 2022/G004/000320)

Vista a citada proposición, que foi ditaminada pola Comisión Ordinaria de Sostibilidade Urbana e Cohesión Territorial celebrada o 22 de abril de 2022, e cuxo teor é o seguinte:

“Nos últimos días a concelleira de gobernanza, D^a. Paula Alvarellos, firmaba o decreto que da luz verde ao Plan de Despliegue dunha rede de acceso de nova xeración baseada na arquitectura de fibra ata o fogar, tendo como ámbito unha serie de entidades singulares situadas en diferentes núcleos rurais de poboación pertencentes ao Concello de Lugo, presentado por Telefónica de España.

Este Plan inclúe unha serie de núcleos rurais do Concello de Lugo pero deixa moitos fora desta programación. Se ben é certo que Lugo é un Concello cunha elevada extensión de terreo, non é menos certo que non se debería tratar

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

aos veciños das diferentes parroquias con diferencias substanciais nos servizos que se lles ofrecen. Non parece oportuno deixar en mans da empresa privada a decisión de qué núcleos serán bendicidos cos servizos ofertados, senón que debería ser o Goberno quen exercese a súa autoridade e demandase o servizo con criterios de igualdade e facendo que este sexa extensible ao maior número de usuarios posible.

Estamos ante un Plan que fai referencia a unha limitada relación de zonas de despliegue pero que recolle a posibilidade de amplialas, é aquí onde este Grupo demanda do Concello de Lugo un estudo que determine con criterios obxectivos (non de rentabilidade ou empresariais) cales son as zonas que precisan deste servizo, con rigor e sensibilidade. E unha vez obtidos todos estes datos, levar a cabo todas as xestións posibles coas operadoras, de cara a que se garanta a cobertura de fibra óptica en todos os núcleos de poboación, para elo pódese recorrer a incentivos fiscais, bonificacións, así como as xestións oportunas dende os departamentos municipais, para implicar ás compañías distribuidoras neste obxectivo.

Os tempos de pandemia deixan tras de si cambios sociais que requiren dunha resposta por parte das administracións. Así, o éxodo de persoas cara o rural e as segundas vivendas durante o confinamento debe ser entendido como unha oportunidade de facilitar nestas zonas un asentamento poboacional que demanda servizos como internet para poder traballar e ter o mesmo acceso á prestación que os núcleos urbanos.

Pero non só se trata de “facer vida” no rural, tamén debe ser unha oportunidade para o emprendemento. O acceso á fibra óptica permite que casas rurais, ganderías, cooperativas ou calquera outra iniciativa, podan competir no mercado en igualdade de condicións a aquelas que se atopan nas cidades ou polígonos industriais.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

- Realizar un estudo integral sobre a cobertura da rede de fibra óptica na zona rural do municipio de Lugo, no que se determine as necesidades dos diferentes núcleos de poboación.
- O Concello de Lugo, en base aos datos obtidos, levará a cabo todas as medidas e xestións posibles para esixir, incentivar e fomentar que as compañías distribuidoras de fibra, faciliten o acceso á fibra óptica ao maior número posible de veciños do noso municipio.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 24

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.

- **Votos en contra:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

Efectuada nova votación con idéntico resultado e, en virtude do voto de calidade da Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA REXEITAR** a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois tres minutos para o Partido Popular como grupo propoñente.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa e bo día de novo a todos e a todas. Esta iniciativa ten como único obxectivo que tódolos veciños e veciñas do rural teñan un mesmo trato nese plan único do Goberno de España para mellorar as infraestruturas dixitais, algo que non ven reflectido no propio plan xa que como o propio Concello puido comprobar existen zonas brancas. Todas as competencias de telecomunicacións recaen sobre o goberno do Estado xa que ademais é o que conta cos fondos europeos para este fin.

Así, o último plan deseñado para a conectividade e as infraestruturas dixitais conta cun presuposto nada máis e nada menos que de 4.300 millóns de euros. Isto fai que a participación das administracións autonómicas nesta materia estea moi limitada. De feito, a Xunta participa con fondos FEADER no plan de Banda Longa 2020, pero este plan atópase limitado ás actuacións que lle autoriza o goberno do Estado. Ademais, o goberno do Estado é o que define as zonas de actuación, e logo son os operadores de telecomunicacións interesados os presentan as súas ofertas detallando as zonas que cubran e que resultan por tanto beneficiarias.

Ante a falla de actuacións do Estado no tocante á telefonía móbil, a Xunta púxose a traballar cos Concellos e deseñou unha iniciativa en colaboración a FEGAMP para mellorar a cobertura móbil no rural. Algo polo que tamén nos interesaremos ante a falla de avances para saber como están esas actuacións e autorizacións que dependen do Concello de Lugo.

Aquí a Xunta publicou en xaneiro unha convocatoria de axudas dirixidas a operadores para o despregamento de redes que permitan dotar de cobertura móbil a aquelas zonas mais rurais con deficiencias.

O que nos estraña moito foi que a señora Alvarellos firmou nos últimos días un decreto que da luz verde ó plan de despregue dunha rede de acceso á nova xeración baseada na arquitectura de fibra ata o fogar, tendo como ámbito unha serie de entidades singulares situadas en diferentes núcleos rurais presentada por Telefónica de España. Este plan, como dixen, deixa fora unha serie de núcleos rurais, tratando así a uns veciños de primeira e a outros de segunda.

Non parece lóxico deixar en mans da empresa privada a decisión de que núcleos serán bendicidos cos servizos ofertados, senón que deberá ser o propio goberno

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

municipal o que exerza a súa autoridade e demandase ese servizo con criterios de igualdade e facendo que este sexa extensible ó maior número de usuarios posibles. E isto é o que pedimos nesta iniciativa, que se faga un estudo integral sobre a cobertura da rede de fibra óptica na zona rural do municipio no que se determine a necesidades dos distintos núcleos de poboación e logo se lle traslade isto ó Ministerio e tamén á Telefónica de España para que...

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas, quenda agora para o grupo Cidadáns, tres minutos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias. Bueno, pues respecto a esta propuesta, desde este grupo creemos que lo que subyace realmente y lo que nos parece realmente interesante es lo que tiene que ver con el modelo de ciudad o con el modelo de municipio que queremos.

Si queremos un modelo de municipio que apueste por construcciones verticales, por aprovechar el espacio; o creemos en un modelo de municipio que quiera aprovechar su territorio, que desarrolle sus cincuenta y cuatro parroquias y que apueste por las viviendas unifamiliares. Desde nuestro grupo apostamos por este segundo modelo y en este segundo modelo es básico, es fundamental contar con una buena red de fibra óptica en las cincuenta y cuatro parroquias del Ayuntamiento de Lugo. Y es que, efectivamente, el COVID en los últimos tiempos puso de manifiesto la evidencia y evidenció la necesidad de contar con una red de cobertura rápida para que la gente pueda teletrabajar. Una red de cobertura rápida para que la gente pueda tener asistencia sanitaria, tele-asistencia sanitaria.

Y es que además, la carencia de estos servicios sin duda se traduce en un problema de despoblamiento en el rural, de pérdida de empleo. Dos causas que son claves a la hora del desarrollo territorial y que además genera una gran brecha digital y territorial, como decimos.

Pero es que además esta falta de conectividad tiene una proyección casi transversal. Porque si nos fijamos en la falta de acceso que afecta, a quien afecta es a las personas mayores en su gran mayoría, y en estas personas mayores que quedan aisladas, sin poder ir al médico, que quedan aisladas sin contar con sistemas digitales adecuados, en los que a través de una asistencia, por ejemplo, de un familiar, puedan tener esos servicios.

Pero es que además hay materias, por ejemplo, como es el de la igualdad o la violencia de género, en el que paliar esta brecha digital también puede ayudar a combatir. Por eso entendemos que la propuesta que se realiza desde el grupo del Partido Popular es adecuada y esperamos que se apruebe para poder desarrollar una red digital que llegue a todo el territorio en las mismas condiciones que nos llega a la gente que vivimos en el núcleo urbano. Nada más y muchas gracias.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Desculpade que no me deixaba desactivar o silencio. Ben, grazas. Tres minutos agora quenda para o portavoz do Goberno.



- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:**Bo día a todos, moitas grazas. Pois para este grupo municipal a conectividade no rural resulta algo absolutamente fundamental para o desenvolvemento socioeconómico, para garantir a igualdade de oportunidades e tamén para incluso tratar de fixar poboación.

Por iso, aínda que non sexa unha competencia directa dos Concellos, levamos tempo traballando. Primeiramente contactando con todos os operadores ou operadoras, incluso explorando a posibilidade de cederlles terreos municipais para a instalación de torres onde fora viable; e posteriormente logrando pois un completo e rigoroso estudo de calidade do servizo e de necesidades de cobertura nos trescentos vinte núcleos de poboación das cincuenta e catro parroquias.

Estudo que posteriormente trasladamos en primeiro lugar, ou por unha banda, á Xunta de Galicia, concretamente en relación ás parroquias do Val do Mera e do tramo do Camiño Primitivo, e por outra banda ó Ministerio de Asuntos Económicos e de Transformación Dixital. No primeiro caso adscribímonos ademais ó convenio suscrito entre a FEGAMP e a Xunta de Galiza para a instalación de antenas, comprometéndonos os concellos á cesión de terreos, a habilitar os accesos e a garantir pois o subministro eléctrico. Un esforzo importante das entidades locais bastante desproporcionado en relación ó que aporta a Xunta de Galiza, pero que se considerou en todo caso necesario para mellorar a cobertura, e no municipio de Lugo beneficiaranse un total de dezaseis entidades de poboación.

En relación á banda ancha, remitimos no seu día o informe completo ó Ministerio e na Banda Ancha, no plan de banda ancha actual aprobáronse melloras en 593 agrupacións de vivendas do Concello, sendo en primeiro lugar Adama e actualmente Movistar as operadoras encargadas de despregar a rede. É un ministerio, que eu creo que confunden a veces, señor Carballo, banda ancha, fibra óptica con telefonía móbil. O ministerio anualmente licita o despregue en múltiples lugares, actualmente afecta a 370.000 zonas de todo o territorio español, 370.000 zonas, e faino en base ós seus propios estudos de zonas de sombra, de conectividade, etc, etc. Ós informes que lle elabora cada xefatura provincial de Inspección de Telecomunicacións e no caso de Lugo tamén ó informe que nos lle aportamos.

E teño que dicir que a xefatura provincial de Lugo aquí fixo un excelente traballo de documentación ó punto que Lugo é unha das provincias máis favorecidas neste plan, non só de Galicia senón de toda España. E na propia convocatoria despréndese á dificultade de atender á totalidade das demandas que se poidan producir. Cousa distinta é que colaboremos coa xefatura provincial para anticiparnos cara as necesidades de futuro. Para iso contamos co traballo da propia xefatura...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Finalizou o seu tempo. Iniciamos a segunda quenda de intervencións, turno para o Partido Popular como grupo propoñente.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas de novo, alcaldesa. Miren, estamos ante un plan que foi referencia e fai referencia a unha limitada relación de zonas de

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

despregue pero que recolle a posibilidade, señor Fernández, de amplialas, e aquí é onde nos demandamos a actuación do goberno municipal facendo ese estudo das cincuenta e catro parroquias do rural.

Xa sei que a Xefatura Provincial de Telecomunicacións fixo un estudo, pero segue habendo zonas escuras as cales se deben incluír nese estudo. O que non parece de recibo é que en maio de 2020 entrase no rexistro do Concello a solicitude de Telefónica de España para levar a cabo ese despregue e non fose ata febreiro de 2022 cando a señora Alvarellos firmou o decreto de aprobación do plan de despregue da fibra óptica. Deberán explicarnos a nós e tamén a tódolos veciños de Lugo onde estivo gardado ese expediente durante eses dous anos, e moito nos tememos que estivese gardado esperando o mellor momento para obter réditos electorais.

Vostedes sempre poñen diante os seus intereses partidistas por riba dos intereses dos veciños e veciñas de Lugo e moito máis por riba dos veciños do rural. Por iso, aínda que sexa tarde o que lles pedimos agora é que non deixen a ninguén fora dese plan, que dende logo melloraría moito a vida das persoas que viven e traballan no rural. E estou seguro de que este servizo é probablemente o servizo que faría mais atractiva a vida no rural, ademais de que fixaría poboación sobre todo agora que vimos de pasar unha...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, grazas. Quenda agora para Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias. Pues sí, efectivamente, como bien decía el concejal del Partido Socialista, Miguel Fernández, es importante distinguir el tema de de la cobertura móvil de la fibra óptica

Este grupo municipal también ha tenido la oportunidad de acudir a las oficinas territoriales para preguntar acerca de la cobertura móvil y es cierto que allí se dice que existen muchas zonas que ya tienen una cobertura y sin embargo luego los vecinos te dicen que esta cobertura no es tan buena como en un primer momento se le dice. ¿Esto por qué es así? Porque en realidad muchas de las quejas de los vecinos no tienen que ver, aunque a veces se confunda con la cobertura móvil porque pueden hacer una llamada, sino que tiene que ver efectivamente con el caudal de fibra óptica que llegan a tener.

Y esto es porque cada vez más gente, sobre todo gente joven, lo que está intentando es o teletrabajar en casas que tienen en el rural, en alguna de las parroquias que tenemos en Lugo, o porque, por ejemplo, alguna de las explotaciones ganaderas ya mucha de la información y de las gestiones que se hacen directamente con la Xunta de Galicia se hacen a través de la red. Como no hay, como no hay fibra o no hay buena red, muchas veces lo que se hace es tratar de pinchos, por decirlo así, que utilizan como si fuera su internet, su fibra óptica. Pero eso no es suficiente, no les dan caudal suficiente. Por eso creemos que sí es oportuno hacer ese estudio para ver qué zonas realmente no tienen la fibra adecuada y creemos, como decíamos antes, que es un pilar fundamental para tratar de generar ese modelo de...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois novamente quenda para o portavoz do Goberno, o concelleiro de Cohesión Territorial.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas de novo. Pois señor Carballo, as propostas que nos fan, eu creo que por descoñecemento, son inviables. Primeiro ese novo estudo, porque o estudo fixémoslo moi rigoroso e moi completo, ensineillo, e está aquí a súa disposición, ese novo estudo que nos pide sería tecnicamente moi complexo porque habería que realizalo xa non núcleo a núcleo como fixemos, senón directamente casa por casa e o máis importante, non aportaría demasiados datos ó que xa se sabe. Porque mire, sabemos as realidades, sabemos as necesidades, sabemos o que se está executando. Polo tanto resulta sinxelo saber o que queda pendente.

E tamén incentivar ou esixir, como din, ás operadoras, tampouco ten sentido. Os plans elabóraos o propio Ministerio e as operadoras son as que acoden á licitación, no seu caso o que fan é executar. Pero mire, a fibra óptica son infraestruturas físicas que se desprenden en rede. Algo así, para que me entenda, e perdóeme ó símil, como as tubos de abastecemento da auga ¿Verdade?

Polo tanto é materialmente imposible chegar a tódolos domicilios ó mesmo tempo, é imposible. E o que diga o contrario ou mente ou trata de manipular e enganar ós veciños e ás veciñas. Cando unha zona determinada se cubre, pois as agrupacións de vivendas previstas, é necesaria a elaboración do novo plan para poder continuar. Nós continuaremos traballando, continuaremos esixindo como sempre o fixemos, continuaremos en contacto ca...

establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus Delegados e Delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno dende o día 21 de marzo de 2022, coa numeración 3216/2022 a 4013/2022, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2022.

De todo o cal, a Excmo. Corporación quedou informada para os oportunos efectos.

ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 150/2022 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COS PUNTOS DE CARGA E DESCARGA

Visto o referido rogo, do teor literal seguinte:

A pandemia e as restricións dos últimos anos deixaron tras de si un rogo de dificultades para diversos sectores económicos. Na nosa cidade o sector da distribución é un dos afectados que está a solicitar medidas que faciliten o desenrolo da súa actividade. O auxe do comercio electrónico está a aumentar exponencialmente, o que a menudo provoca unha maior conxestión e a necesidade de actualizar as ordenanzas que regulan a mobilidade urbana, xa que o uso inadecuado ou a falta de zonas de carga e descarga dificultan as tarefas cotidianas de reparto.

O Grupo Municipal do Partido Popular trae ante o PLENO un ROGO para que se tomen as seguintes medidas:

- Ampliar os puntos de carga e descarga no casco histórico da cidade, favorecendo e axilizando as tarefas dos distribuidores e reducindo as aglomeracións de vehículos. Unha primeira medida podería ser habilitar o carril bus da rúa Montevideo para carga e descarga (mentres non se lle da outro uso a esa rúa), por tratarse dunha ubicación estratéxica dentro do casco histórico e unha rúa con amplitude suficiente para albergar dita dotación.

- Revisar os horarios de carga e descarga en función dos puntos habilitados para elo de xeito que se eviten aglomeracións e se garanta o servizo aos hosteleiros e comerciantes.
- Elaboración dun plan municipal que analice as estratexias de reparto, contando co sector, e que permita a optimización e eficiencia dos servizos, resolvendo ademáis problemas históricos do sector dos distribuidores. Alcanzar unha mellor xestión da mobilidade urbana, traducirase nun mellor servizo, menores costes, menor conxestión da cidade e unha maior sustentabilidade.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois se o Partido Popular quere facer uso para motivar o rogo.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Grazas, alcaldesa. Dicía a alcaldesa que se éramos concretos coas nosas propostas que se terían en consideración ou que polo menos se estudarían. E esta é unha proposta concreta á que traemos hoxe aquí. Ademais non é nosa, senón que como xa dixemos nestes últimos meses, estamos poñendo a disposición as nosas iniciativas, tanto en Pleno como en comisións, para trasladar demandas dos distintos sectores, dos distintos veciños, tanto dos barrios como das parroquias de Lugo, pero tamén dos sectores industriais da nosa cidade para que as poidan traer a este Concello en vista de que non se lles responden desde as distintas concellerías.

E esta é unha demanda feita polos representantes dos distribuidores, que como ben sabe a alcaldesa e o resto do equipo de goberno debería saber, sufriron de forma notable o impacto da crise do COVID, de forma moi grave ademais. E non contaron con todas as axudas coas que si contaron a veces as persoas ás que eles lles daban servizo, por exemplo a hostalería, cando eles tamén estiveron paralizados e nos dende o Partido Popular, por exemplo, propuxemos no seu día esa modificación no imposto de rodaxe cando algúns deles tiñan mais de vinte furgonetas paradas durante meses porque os bares e os restaurantes estaban pechados. Dito isto, un dos principais problemas que nos trasladan nese contacto diario, nese contacto que temos periódico con este colectivo é o problema da carga e descarga no casco histórico, e o que plantexan é a necesidade de máis puntos de carga e descarga dentro do casco histórico para facilitar esas labores de carga e descarga, para axilizarlas sobre todo. É dicir, máis puntos de carga e descarga acondicionados dentro das zonas peatonais da cidade e tamén revisar ese horario porque non se adapta ó servizo para hostelería.

E tamén nos propoñen que a rúa Montevideo, en tanto en canto non cambie a súa configuración e non se faga unha penalización ou outra actuación dese ou doutro calibre, sempre que ese carril bus que a día de hoxe non ten utilidade, como zona de carga e descarga, e estacionamento.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

Entendemos que é unha petición sinxela que se pode arranxar apenas cun bote de pintura e que durante uns meses ou durante un tempo pode dar unha solución a esta carga e descarga no casco histórico.

E piden tamén que se lles escoite. Un plan municipal que analice as estratexias de reparto do sector na cidade de Lugo contando co sector. Algo que parece unha perogrullada pero que neste Concello non sempre se da. escoitar a quen realmente o necesite. Neste caso falamos de distribuidores, falamos de carga e descarga, hai que escoitar a quen conduce esas furgonetas, a quen ten esas empresas e ós autónomos que traballan neste sector. Moitas grazas, alcaldesa.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi bien, pois por parte do Goberno o tenente de alcaldesa e de Cohesión Territorial.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Ben, pois señor Ameijide, a esa proposta concreta voulle contestar concretamente, comezando por darlles a benvinda ós señores do Partido Popular á preocupación polo estado dos sectores productivos desta cidade tralas restriccións derivadas da pandemia.

Porque non só se dedican a criticar todos e cada un dos plans de axuda que puxemos en marcha desde o goberno, senón que non sabemos onde estiveron cando este goberno apoiou o comercio local con axudas directas por valor de seis millóns de euros a través dos programas Reanima e Reactiva, xa que quero recordarlles que para este último plan, o Reactiva, pedimoslle á Xunta de Galicia, do Partido Popular, que colaborase coa mesma porcentaxe económica que mobilizaba o Concello e a Xunta ¿Sabe que fixo, señor Ameijide? Negouse e non colaborou ¿Onde estiveron entón os do Partido Popular de Lugo nesa situación?

Agora veñen cunha nova petición sobre temas nos que o Concello xa está a traballar. Deberían de saber que xa se está a traballar como son os horarios de carga e descarga ou a elaboración dun plan municipal para a mobilidade urbana do centro histórico. Como xa deberían saber, este goberno está ultimando a modernización do control de accesos no centro histórico para axilizar as entradas e saídas do tráfico rodado e tamén reducir o tempo de estancia dos vehículos co obxectivo, co fin de reducir os niveis de contaminación ambiental e acústica e as vibracións para protexer precisamente a zona histórica.

Neste senso, xa abordamos na Comisión de Tráfico os novos horarios que rexerían para a carga e descarga co obxectivo de manter un equilibrio entre, por una banda as necesidades dos residentes e dos establecementos comerciais da zona, e tamén as esixencias que temos que cumprir para a protección do patrimonio.

Este tema foi, así mesmo, abordado pola propia alcaldesa co sector da distribución, cos que se comprometeu ademais a estudar o comportamento dos horarios e das zonas de carga e descarga unha vez postos en marcha e como sempre abertos ós cambios que se vexan necesarios por parte de todos, e que así no lo fagan ver. Ademais, e como tamén deberían saber, estamos a impulsar a creación dunha zona de baixas emisións no casco histórico, grazas precisamente a eses fondos europeos ós que concorreremos e moitas veces ganamos grazas ó traballo noso e

dos técnicos, eses que tamén non paran de criticar, e fondos que acadamos para peatonizar a zona histórica na súa totalidade.

A creación das zonas de baixa emisión son, non sei se o saben, un imperativo legal para los concellos de más de 50.000 habitantes, como é o caso, e a súa creación implica a elaboración de estudos e análises de movementos de tráfico rodado en parque móbil, precisamente para da...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, finalizou o seu tempo, é o que teñen os plenos telemáticos, que dende o sistema de control rigorosamente controlan os tempos das distintas intervencións.

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 151/2022 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVO A AMPLIACIÓN DE FIBRA ÓPTICA AOS NÚCLEOS DE OS CAMPOS E SAN VICENTE NA PARROQUIA DE PÍAS

Visto o referido rogo, do teor literal seguinte:

O Núcleo de Os Campos e San Vicente, na parroquia de Pías vese privado do servizo de fibra óptica pese a que os núcleos darredor están incluídos no Plan Estatal de despliegue deste servizo, presentado pola empresa Telefónica e aprobado polo Concello de Lugo.

Esta exclusión dixital afecta aos veciños desta parroquia que ven as súas vivendas, a escola municipal que se emprega como local social ou mesmo o entorno da igrexa parroquial privados dun servizo que a día de hoxe faise esencial na vida cotiá de moitos veciños.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO A PLENO para que o Concello de Lugo leve a cabo as xestións oportunas para ampliar a instalación da fibra óptica aos núcleos de Os Campos e San Vicente na parroquia de Pías, xa que como recolle o propio decreto, asinado pola concelleira Paula Alvarellos, existe a posibilidade de aumentar a cobertura deste servizo simplemente con entregar a correspondente documentación de ampliación do plan.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ¿O Partido Popular quere facer uso para motivar o rogo? ¿Si? Pois ten quenda de palabra o señor Pérez.

- **MANUEL RAFAEL PÉREZ PRADOS:** Bos días. Grazas, señora alcaldesa. Don Miguel, hoxe vai ter moita sorte comigo e con nós. Porque resulta que vímoslle a facer o traballo. Mire, vostede dixo antes, cando votou en contra da proposición nosa de implantación de fibra óptica completamente á zona rural, de que lles era imposible ir casa por casa a tódalas parroquias.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

Ben, pois nos vamos a facer iso ¿Vale? De feito xa empezamos, e co cal vamos a verificar cales son as zonas de sombra das distintas parroquias do rural, para que complete vostede o libríño ese que ensinou antes aí á pantalla que o ten incompleto. Pero vámosllo facer, un día á semana voulle pasar, voulle ensinar unha comisión polo rexistro, as zonas de sombra de cada parroquia. Voulle facer hoxe a primeira entrega, en directo. Parroquia de Pías. Mire, os núcleos, anote, Os Campos e San Vicente están sen fibra óptica e por riba alí é onde está o local social onde fan as reunións que vostedes teñen alí eso moi ben coidadiño. Pois alí estalle sen fibra óptica e sen cobertura de nada, a trescentos metros do CEAO.

Tamén preto da igrexa están tamén sen fibra óptica. Vaian por alí e pregunten. Acórdese, Os Campos e San Vicente. Polo tanto, non é que o diga eu, é que temos cento cincuenta firmas dos veciños que seguro que coñecen a algún deles e pódelles ir a preguntar. Co cal, nos o que facemos é este rogo ó Pleno para que o Concello de Lugo leve a cabo ás xestións oportunas para ampliar a instalación da fibra óptica nos núcleos de San Vicente e Os Campos na Parroquia de Pías, xa que como recolle o propio decreto ó respecto asinado pola concelleira Paula Alvarellos, existe a posibilidade de aumentar a cobertura deste servizo, simplemente con entregar a correspondente documentación de ampliación do plan. Como lle digo, semanalmente dareille a información. Moitas grazas, señora alcaldesa.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois é quenda da réplica por parte do Concelleiro de Cohesión Territorial.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Pois señor Rafael, a verdade é que lle agradezo ese ofrecemento de traballar porque é exactamente o que votamos en falta en nesta cuestión: Traballo, esforzo e dedicación.

Porque mire, aparte de acudir ós actos oficiais e de criticar, é necesario informarse, estudar os temas e traballar. Traballar. Polo tanto, tómolle a palabra. Mire, neste rogo vaime a sobrar tempo, polo que me vou a remitir á resposta dada na proposición sobre o mesmo tema que debatimos anteriormente.

Sen embargo non me resisto a, ben, pois facer un pequeno comentario en relación o *modus operandi* que sobre este tema mantén o Partido Popular e que é o seguinte. Mire, vostedes entéranse de que algún núcleo concreto queda pendente de ampliación de fibra óptica co actual plan. Inmediatamente convocan unha xuntanza. Non nos trasladan a necesidade para que tratemos de topar solucións, que sería o razoable, nin nos recaban máis información ¡Que va! Non, vostedes convocan unha xuntanza. E ofrécese ós veciños dicindo que van a presentar un rogo neste Concello dándolles a entender, é dicir, manipulándoos, que con iso queda resolto o problema ¿Vale? É dicir, vendéndolles a moto.

Pois xa lle digo que escusan facelo. Primeiro, porque coñecemos perfectamente as necesidades de cada parroquia e de cada lugar. E segundo, porque seguimos traballando na medida das nosas capacidades, do orzamento e da responsabilidades que temos para solucionalo. Igual ese ímpeto podía utilizalo o señor Rafael tamén para presionar un pouquiño á Xunta de Galicia para que ese despregue de antenas por todo o territorio, grazas á colaboración dos concellos, se

faga dunha vez e comecemos a solucionar esa falla de cobertura e esa conectividade que ocorre nos núcleo de Pías e en outros moitos núcleos de Lugo, da provincia e de toda Galicia. Moitas grazas.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 152/2022 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CON DIVERSAS ACTUACIÓNS NA ZONA DA GARABALLA DEMANDADAS POLOS VECIÑOS

Visto o referido rogo, do teor literal seguinte:

O Grupo Municipal do Partido Popular trae a PLENO un ROGO para trasladar as demandas dos veciños da Garaballa que solicitan do Concello de Lugo:

*O acondicionamento dun paso de peóns no cruzamento das rúas Fistera, Pedáneo Xoán Diego e Garaballa de Abaixo. Unha petición moi necesaria xa que este é un punto no que adoitan cruzar bastantes peóns polo que é preciso regular este tránsito de persoas deste barrio.

*A colocación de máis colectores. Actualmente só hai colectores para residuos orgánicos pero o número destes é escaso polo que se fai preciso aumentar a cantidade e engadir colectores para recollida selectiva.

*A urbanización dun treito da rúa Garaballa de Abaixo, que está completamente en terra, sen esquecer o arranxo e pavimentación da pista que une a rúa Garaballa de Abaixo coa rúa Camiño do Souto, unha pista que se atopa en moi mal estado e pola que non poden pasar dous coches ao mesmo tempo. O Concello de Lugo xa realizou unha actuación nesta pista hai uns anos, pero non serviu para paliar as deficiencias que presentaba naquel intre xa que como se pode comprobar o estado no que se atopa na actualidade é practicamente intransitable.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Novamente, o Partido Popular, se quere facer uso para motivar o rogo.

- **ÓSCAR POY FRANCO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. O certo é que este está sendo un pleno moi interesante. Unha vez máis decide vostede intervir para suplir as carencias no discurso dos seus propios concelleiros, ou incluso no tema do tempo.

E non teño moi claro quen pode respostar a este rogo, porque xa en outro rogo anterior parecía que era competencia do BNG en sen embargo respostou o señor Miguel Fernández. Como dixo o meu compañeiro Antonio Ameijide, se vostede xa dixo hoxe, isto é o que ten deixarme para falar ó final, que claro escoito todo primeiro; xa dixo hoxe que se traemos medidas concretas ou propostas concretas a

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

este Pleno vostedes van a aprobalas, ben, agardo que nesta ocasión neste rogos si teñan a ben telas en conta, porque son tremendamente concretas.

E agardo, sexa o señor Miguel Fernández ou outro que me conteste, que ninguén me diga "É que, ben, fan xuntanzas e tal". Só faltaba. Un día quéixanse de que non estamos na rúa e non falamos cos veciños, e ó día seguinte que facemos xuntanzas cos veciños. Eu cada vez estou máis sorprendido en todo isto.

Ben, de xuntanza cos veciños da Garaballa solicitamos ó Concello de Lugo os vecinos de Garaballa e máis nós, o acondicionamento dun paso de peóns no cruzamento das rúas Fisterra, Pedáneo Xoán Diego de Garaballa de Abaixo, unha petición necesaria xa que este é un punto no que adoitan a cruzar bastantes peóns, é e preciso regular este tránsito de persoas deste barrio, non necesariamente en altura, non fai falla escalar, a colocación de máis colectores. Actualmente só hai colectores para residuos orgánicos, pero o número destes é escaso e faise preciso aumentar a cantidade e engadir colectores para recollida selectiva e a urbanización dun treito da rúa Garaballa de Abaixo que está completamente en terra, en terra. Isto sen dúbida non é algo polo que na capital da provincia podamos votar moito peito, sen esquecer o arranxo e pavimentación da pista que une a rúa Garaballa de Abaixo coa rúa Camiño do Souto, unha pista que se atopa en moi mal estado e pola que non poden pasar ben os coches. O Concello de Lugo xa realizou unha actuación nesta pista hai un anos, pero non serviu para paliar as deficiencias porque seguramente foi un destes arranxos en proceso electoral que tanto adoitan empregar. Moitas grazas a todos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Para que non haxa ningunha dúbida ó respecto, hai algunhas cuestións que poden ser transversais e incluso poderían contestar distintos concelleiros. Véxase a última proposición presentada polo Partido Popular en canto pois á accesibilidade das zonas verdes, como zonas verdes o responsable é un, como accesibilidade pois a responsable é outra compañeira da corporación. Polo tanto, o que si lle transmito, lle digo para que non quede ningunha dúbida, que quen resposta é o Goberno de Lugo.

Entón en esa calidade de resposta a ese rogo pois vai a intervenir agora o delegado da área de Infraestructuras Urbanas.

- **ALEXANDRE PENAS ROIBÁS:** Nada, moi boas. Vamos a contestar logo a este rolo do gran traballo que fixo o Partido Popular polos veciños e veciñas de Lugo, como tan ben expuxo o compañeiro Óscar Poy. E en canto ó segundo e terceiro punto, os colectores e a armonización e a pavimentación pois tómase en consideración, analizarase tecnicamente a pertinencia de facer estes traballos e se é así pois con aval técnico, dende logo non teremos ningún problema pero, ben, hai que estudialo, digamos, tanto polas dispoñibilidades orzamentarias, polo momento como pola viabilidade técnica e a necesidade. Entón comprometémonos a estudialo e a telo en consideración.

E con respecto ó primeiro punto, pois é un punto menos técnico e pois si, efectivamente é perigoso, é preciso realizar de feito actuacións de calmado de tráfico. Polo que eu entendo, neste punto dadas as circunstancias de que a

titularidade desa vía é da administración autonómica, pois sería necesaria unha colocación de lombos e inclusive algún paso de peóns elevado, pois sería bo. Compromete, digamos, a tramitalo con esa administración.

E un consello, un consello e non o tomen a mal, pero creo que é mais eficaz o traballo que se tivéramos un concelleiro deputado do PP que o traslade directamente ó PP, para que nolo fixera. Pero non se preocupen, que eu persoalmente comprométome a xestionalo coa Xunta de Galicia, titular dese vial como todo o mundo coñece, hai pouco que fixo alí unha actuación de tirar, de tirar un edificio. Comprométome a xestionalo dende o Concello de Lugo. Paréceme menos práctico, pero ben se vostedes están moi ocupados, dende a Concellería de Infraestructuras, dende o Concello de Lugo, xestionaremos esta cuestión.

D) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 153/2022 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA A REALIZACIÓN DUNHA VALORACIÓN E AVALIACIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE LUGO

Visto o referido rogo, do teor literal seguinte:

Nos últimos tempos estanse a manifestar numerosas queixas por parte de usuarios dos servizos sociais municipais. Uns servizos que son o sistema de protección social máis próximo ao cidadán e que por iso deberían ser unha prioridade para o goberno municipal. Día tras día se trasladan deficiencias nas diferentes actuacións deste servizo, pero non por falta de traballo do persoal, ao revés están desbordados, e iso leva a que non se poda sacar todo adiante, é un problema de organización dun servizo que pouco ou nada se modificou nos últimos anos.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta un ROGO A PLENO para que se proceda a realizar unha valoración e avaliación dos Servizos Sociais do Concello de Lugo, co obxectivo de levar a cabo unha reorganización e reforzo do sistema actual de funcionamento, creando un grupo de traballo que conte con técnicos do servizo e con profesionais expertos en planificación e organización social. Este traballo debe permitir un reforzo dos equipos de traballo municipais, elaborar unha bolsa de emprego efectiva que permita a substitución casi inmediata dos traballadores ausentes, así como permitir levar a cabo cantas accións sexan precisas para dar resposta as novas esixencias sociais que xorden en base a necesidades e demandas da sociedade.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois por parte do Partido Popular para motivar o rogo.
- **MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA:** Gracias, alcaldesa. Hoy traemos al pleno un ruego para pedir la actualización de los servicios sociales. La Ley de Servicios

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

Sociales de Galicia estrutura el sistema gallego en forma de red con distintos niveles de atención, uno de los cuales son los servicios sociales comunitarios básicos que por su carácter local y polivalente constituyen el canal normal de acceso de la ciudadanía a los servicios sociales. En el Concello de Lugo estas prestaciones se llevan a cabo en las zonas de trabajo social de los centros de convivencia mediante equipos multidisciplinares. Hasta aquí todo bien pero, para el Partido Popular, en la actualidad el gobierno local ampara un modelo organizativo con muchas carencias. Sí es cierto y hay que reconocer que desde 2017 hubo algún avance, sobre todo en cuanto a recursos y programas informáticos.

Pero es necesario dar un paso más y avanzar también en la organización del Servicio de Protección Social más próxima al ciudadano. Con poner un filtro que recoja llamadas y papeles, abrir una carpeta que pasa a una mesa, no se organiza ni se tramita diligentemente, en los servicios sociales.

No se vuelvan a escudar en que el retraso de los trámites es culpa de la Xunta. No sigan lanzando balones fuera. Por ejemplo, una de su mala gestión: Sólo el servicio de atención al hogar, de las 18.776 horas que se les asignan al mes, ustedes dejan 237 horas mensuales sin adjudicar. Asimismo, por la falta de diligencia en este Concello hay a día de hoy 325 expedientes de dependencias sin resolver, esperando una respuesta de los servicios sociales del Concello. Entre ellos hay diez de grado tres, cincuenta y siete de grado dos y doscientos cincuenta y siete de grado uno, después de habernos dicho en comisión que iban al día absolutamente en todo. Quiero dejar claro mi apoyo al personal de este servicio. Sabemos las dificultades de su trabajo, muy complicado en estos tiempos de pandemia y de crisis. Con 13 trabajadores sociales, parte de ellos dedicados a labores de jefatura, es complicado resolver a buen ritmo todos los expedientes.

Por eso, por el Grupo Municipal del Partido Popular presenta un ruego a Pleno para que se proceda a realizar una valoración y evaluación de los servicios sociales del Concello de Lugo, con el objetivo de llevar a cabo una reorganización y refuerzo del sistema actual de funcionamiento, creando un grupo de trabajo que cuente con técnicos de servicio y con profesionales expertos en planificación y organización social.

Este trabajo debe permitir un refuerzo de los equipos de trabajo municipales, elaborar una bolsa de empleo efectiva que permita la sustitución casi inmediata de los trabajadores ausentes, así como permitir llevar a cabo cuantas acciones sean precisas para dar respuesta a nuevas exigencias sociales que surjan en base a necesidades y demandas de la sociedad. Gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois para darlle réplica a este rogo ten a palabra a concelleira de Benestar.

- **OLGA LÓPEZ RACAMONDE:** Bo día a todas e a todos. Ben, se xa estaba perplexa co documento que nos presentaron, coa súa exposición quedo máis. E vou a empezar non como tiña previsto, senón contestándolle á referencia que vostede fai da axuda no fogar. Direille que o Concello de Lugo non ten lista de agarda en SAF de libre concorrencia. Direille que as horas que nos facilita a Xunta



de Galicia están adxudicadas, e esas horas que vostede di están pendentes de que os usuarios as acepten ou non. Non se enteran, señora Macamen. De verdade, de verdade que señora López Silva, o seu é grave.

Direilles que as trescentas vinte e cinco persoas que están en lista de agarda é porque faltan horas da Consellería de Política Social que nos transfire ós concellos ¿Vostede sabe iso? É que de verdade que o seu non ten nome, non ten nome. É gravísimo o que vostede acaba de afirmar. Pero mire, voulles a dicir, é gravísimo porque faltan á verdade de xeito intencionado, de xeito malicioso.

Mire ¿Onde están as queixas que vostedes plantexan nos Servizos Sociais? ¿Onde as teñen por escrito? ¿Onde están as deficiencias que vostedes manifestan nas actuacións do servizo? ¿Onde as teñen? Póñanmas, pero póñanmas cunha argumentación e con datos e eu contestareilles. Vostedes fan políticas patéticas. Mire, o nome élle patéticas.

Vostede di "Non se pode sacar todo adiante". Eu tamén lle digo: Dígame, dígame con feitos, con feitos certos, argumentados, que é o que non se pode sacar adiante. Direille que se fixeron protocolos, que se fixeron axendas ¿Saben quen as fixo? As técnicos. As técnicos, ós que vostedes parecen minusvalorar ¿Sabe por que? Porque eu creo na xestión transversal, nunha xestión transversal. E vostedes só entenden dunha xestión e dun facer vertical.

Pero iso é problema seu, eu aí entendo que teñen difícil amaño. Vostedes din que non se fai nada nos últimos anos, e eu cando din esto digo: Ou a súa capacidade de faltar á verdade non ten límites ou a súa incompetencia de traballo é irreparable. Calquera dos dous feitos son gravísimos. E que son gravísimos. Eu direilles, miren, vin á política a traballar cunha maleta de traballo que traio do meu transcórren profesional e coa que me irei cando me vaia de aquí, e vostedes veñen á política a facer dano ós cidadáns cunha política totalmente populista, porque é o único que hai neste rogo.

Pero vou irles máis adiante. Vostedes din "Non se fai nada". Ben, pois eu voulles a explicar, nos case tres anos que aínda non os fai e con unha pandemia por riba ¿Que se fixo? Mire, non só atendemos ás demandas chegadas pola pandemia, atendendo ós máis vulnerables nun momento que ninguén prevíamos, senón que incorporamos...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois como dicía, a situación telemática fai que se apaguen os botóns e finalicen os tempos.

PREGUNTAS:

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 159/2022 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS ACCIÓNS LEVADAS A CABO CON MOTIVO DA BANDERA COLOCADA NA FACHADA DO CUARTEL DE SAN FERNANDO

Visto o citado escrito, do teor literal seguinte:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

O pasado 2 de abril o cuartel de San Fernando presentaba na súa fachada unha bandeira anticonstitucional. Como se puido comprobar por diversos medios, este acto propagandístico e premeditado foi realizado por membros dunha organización asociativa durante o transcurso dun acto reivindicativo. Así se reflicte no escrito que este grupo remitiu á sra. Alcaldesa o pasado 5 de abril.

Estos feitos, que poderían ser constitutivos de sanción, requiren que a sra. Alcaldesa, como máxima responsable do Concello e da Policía Local, dea as indicacións oportunas para que se proceda a iniciar as investigacións precisas para iniciar o expediente sancionador.

O Grupo Municipal do Partido Popular presenta ante o PLENO as seguintes PREGUNTAS:

1. Que accións se levaron a cabo ao respecto?

2. O Goberno municipal ten previsto tomar algunha medida respecto aos feitos mencionados, ou pola contra as medidas a tomar dependen de quen leve a cabo os feitos relatados?

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois se o Partido Popular quere motivar a pregunta.

- **ÓSCAR POY FRANCO:** ¡Bos días outra vez! Non é mais, non é realmente unha motivación, senón mais ben insistir no mesmo, aínda que lles moleste a algúns pois estes Plenos do Concello tamén son os Plenos da marmota.

Xa non é a primeira vez que traemos aquí as nosas dúbidas sobor de determinadas actuacións que levan a cabo os amigos do Ilustrísimo Tenente sen que teñan ningún tipo de consecuencia.

A pesares de que evidentemente pois non é aceptable para outros veciños que se lles permita, por exemplo, poñer mesas de venda na rúa ou facer pintadiñas. Por iso, por iso, a pregunta realmente, aínda que está e xa a leron todos vostedes, qué actuacións se levaron a cabo ó respecto da colocación dunha bandeira anti-constitucional nun edificio público, ó goberno municipal se ten previsto tomar desta volta algunha medida, etcétera...

Realmente a pregunta é ¿Por que temos que seguir a asumir en Lugo que os amigos do Ilustrísimo Teniente teñen una superioridade sobor do resto dos veciños? ¿Vale? Que lles permite facer ó que os demais lucenses teñen prohibido. E xa sabemos que é unha pregunta retórica porque xa sabemos todos o motivo de que neste Concello o goberno entenda que existen veciños con privilexios, os amigos do Ilustrísimo, e veciños de segunda. Grazas, señora alcaldesa.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi bien, pois vaille contestar o concelleiro de Cohesión Territorial a resposta.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Grazas, alcaldesa. Miren, as preguntas que formulan resultan tan obvias que en realidade requiren escasa argumentación. Din ¿Que accións levaron a cabo? Pois ordear a retirada da bandeira. ¿Teñen previsto tomar algunha medida? Si, e xa se fixo. Puxéronse os feitos en coñecemento da autoridade quen en aplicación da Lei de Seguridade Cidadá da Administración Estatal, impondrá as sancións que correspondan. É dicir, cumprir a lei.

Tamén, de todas maneiras, señor Poy, e dígollo desde o aprecio persoal independentemente desa elocuencia, desa capacidade comunicativa radiofónica e desa vehemencia que o caracteriza, que a min me encanta porque nos evoca, nos traslada a todos reminiscencias do pasado, e sen restarlle un ápice de importancia ó asunto da bandeira, que aquí cada quen daralle á importancia que considere, pero prima a legalidade, si me sorprende profundamente que non faga ningunha referencia nin ó edificio ni ós fins para os que estaba destinado.

Un edificio, ben cultural no ano 2009, que o Concello fixo un investimento moi importante de 2,6 millóns de euros para poñer a disposición da Xunta de Galicia para ese museo demandado por tódolos colectivos, arqueólogos, historiadores, conservacionistas, comerciantes...

Unha ubicación privilexiada, capacidade para albergar as mais de 15.000 pezas museísticas pendentes de estudo e catalogación, chamado a ser pois un referente museístico no noroeste peninsular, non só en Galicia, e ter un destacado papel expositivo, de investigación, de divulgación... e mesmo como reclamo turístico. Proxecto, para o que a alcaldesa vén de anunciar a concorrencia do Concello ás subvencións do Plan de Recuperación por un valor de doce millóns de euros. E mentres a Xunta de Galicia, con competencias na materia, aparcou primeiro, logo de gastar 221.000 euros de todos nun proxecto, ignora e mesmo rexeita agora o que é unha demanda colectiva de todos os lucenses.

Había un acordo no seu día Xunta de Galiza - Concello de Lugo, chegou Feijóo. mandou parar e aí se quedou. Pero ó Partido Popular de Lugo parece que lle dá igual. Non lle importa o mantemento do edificio nin o deterioro que sofre, despreocúpalle a imprescindible conservación e rehabilitación, esquécese do compromiso adquirido con todos os veciños, preocúpalle unicamente se o procedemento para retirar a bandeira foi todo o áxil e efectivo que consideran. ¿Que cae o edificio? Pois qué mais dá, xa lle botaremos a culpa ó goberno municipal. E se pode ser, á alcaldesa directamente, moito mellor todo. Moitas grazas.

B) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 161/2022 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE AS NÓMINAS ABONADAS CON REPARO DE LEGALIDADE

Vistas as referidas preguntas do seguinte teor literal:

O Grupo Municipal Ciudadanos do Concello de Lugo, ao abeiro da normativa vixente, presenta as seguintes preguntas para o pleno.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac5346139736109371864.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 28-4-2022

Preguntas relativo ao pago reiterado das nóminas do persoal municipal con reparo de legalidade:

1. Cales son os motivos polo que todos os expedientes de nóminas mensuais están sendo obxecto de reparo de legalidade?
2. Cales son os motivos polos que están sendo obxecto de reparo de legalidade diferentes expedientes relativos a servizos extraordinarios de persoal municipal?
3. Que ten pensado facer este Goberno para solucionar esta irregularidade?

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** ...Ciudadanos quen é o grupo propoñente, se queren tomar a palabra ¿Sí?

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Si, por favor, e antes de nada gustaríame, señora alcaldesa, que vostede aplicara a mesma vara de medir aquí para o seu concelleiro portavoz, o señor Fernández.

Do mesmo xeito que a nós nos pedía concreción e que non nos fóramos polas ramas cando falamos dunha determinada proposta, que estábamos a falar dunha bandeira nacionalista, non do Museo da Romanización. Sinxelamente que espero que tamén lle bote os mesmos rapapolvos que nos bota aquí porque o interese é o mesmo e a situación é a mesma.

E agora vou a centrarme na miña exposición das preguntas. Sinxelamente era para concretar este asunto.

Que agora parece que a alcaldesa xa non levanta reparos de facturas que supoñen millóns de euros pagados de xeito irregular, senón que agora pois se suman as nóminas de persoal municipal e tamén os pagos dos servizos extraordinarios. Situacións estas que son unha auténtica e absoluta anomalía. Máis na área de persoal, das que tamén se fan referencia e chaman a atención dende o informe de control interno desta administración por parte da intervención municipal.

Dende o noso grupo queremos que a señora Alvarellos explique cales son os motivos polos que se están a dar estas irregularidades e que se está a facer para porlles remedio, para así amosar que a nosa preocupación ante esta situación que se repite mes a mes con múltiples expedientes de reparo que merecen unha explicación, unha solución tendo en conta ademais que se acaba de poñer en marcha o control horario e que se funcionase correctamente pois estas situacións non deberían estar acontecendo, así que queremos que se nos diga cales son os motivos e, sobre todo, cales son as solucións que este bi-goberno quere elevar.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois moitas grazas, señora Louzao. E dálle contestación a concellería de Gobernanza, portavoz do Goberno neste caso.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa. Pois os motivos do expediente de nómina, dos expedientes de nómina mensuais que están sendo obxecto de reparo de legalidade, son os motivos que constan nos expedientes de nóminas de cada mes, ós que vostede ten acceso, e aparecen os distintos informes tanto de persoal como de intervención.

Polo tanto pode acceder a eles e se non pode acceder a eles por algunha razón pode pedirnos. O que está claro é que fan preguntas que poñen de manifesto que non se exerce a función fiscalizadora que tanto demandan dende a oposición.

Hai que traballar, é evidente que non se fai, non se cumpre con esa función fiscalizadora. Voulle dicir que ultimamente incluso teño peticións por escrito que son escandalosas. Así xa lle poño un exemplo para sabelo. O outro día chegou unha petición dun dos grupos da oposición pedindo que si lle trasladaba un expediente de licitación dun contrato. Para iso está a plataforma pública de licitación. O que parece ser, parece que ultimamente traballar nada. Sentarse na mesa, ver o ordenador "¿Qué vou a pedir hoxe?. A ver se me cola e mo dan".

Mire, eu teño moitas horas que traballar. Se vostedes non traballan ou teñen tanto tempo, pois estuden os expedientes, porque a segunda pregunta aínda me parece peor. A segunda pregunta está pedindo cales son as causas dos reparos nos servizos extraordinarios de personal municipal.

Pero é que señora Louzao, o asunto nove deste Pleno, o asunto nove trata diso, e ven a explicación e as causas. Polo tanto, fagan a súa labor fiscalizadora, que nos estamos e parécenos o mellor que poden facer, pero está claro que, non me gusta dicirlllo a vostede concretamente, pero en xeral e ese exemplo que puxen antes evidentemente non era para vostede, pero é que é así. Parece que me sento pola mañá e digo "A ver, que vou a pedir para que traballen?" Chega a ser unha broma.

O que está claro é que se fan a comparativa dos levantamentos de reparo xa ven, xa ven cal é a evolución. Xa ven cal é a evolución. Fundamentalmente nas horas extraordinarias. Só teñen que mirar, por exemplo, os anos anteriores e ver a evolución. Xa lle poño un exemplo que tamén o saben perfectamente, ó haberse posto o control horario pois é moi sinxelo que se controle todo o que son horas extras e, ademais, toda a mellora que houbo no servizo de persoal, a RPT, a dotación... Cada vez hai menos necesidades, fundamentalmente servizos como a Policía ou Extinción de Incendios, que son onde fundamentalmente están. Pero iso digo, fagan a función fiscalizadora e traballen.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excma. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e un minutos do expresado día vinte e oito de abril de dous mil vinte e dous, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excma. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.